



| ÍNDICE                                                        | Páx.       |
|---------------------------------------------------------------|------------|
| <b>1. PRESENTACIÓN/INTRODUCCIÓN .....</b>                     | <b>3</b>   |
| <b>2. O PLAN GALEGO DAS PERSOAS MAIORES 2010 - 2013 .....</b> | <b>8</b>   |
| 2.1. Antecedentes .....                                       | 9          |
| 2.2. Pertinencia .....                                        | 15         |
| <b>3. PERSOAS DESTINATARIAS .....</b>                         | <b>25</b>  |
| 3.1. Perfil 1: as persoas maiores .....                       | 26         |
| 3.2. Perfil 2: as/os profesionais .....                       | 48         |
| <b>4. NÚCLEOS DE ACCIÓN .....</b>                             | <b>52</b>  |
| 4.1. Promoción de valores e protección de dereitos .....      | 53         |
| 4.2. Envellecemento activo e participación social .....       | 65         |
| 4.3. Prestación de servizos con eficacia e calidade .....     | 79         |
| 4.4. Cooperación transversal .....                            | 95         |
| <b>5. ITINERARIO TEMPORAL .....</b>                           | <b>103</b> |
| <b>6. COLABORADORES/AS .....</b>                              | <b>107</b> |
| <b>7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN .....</b>                      | <b>109</b> |
| <b>8. ANEXOS .....</b>                                        | <b>114</b> |
| Anexo 1. Modelo de ficha para o seguimento de actividades.    |            |

# 1. PRESENTACIÓN/ INTRODUCCIÓN

Páx. 3

## PRESENTACIÓN

Cando asumimos a responsabilidade do goberno eramos conscientes de que un dos grans retos ao que iamos ter que facer fronte era conseguir que a sociedade galega fose efectivamente unha sociedade inclusiva e participativa na que todas as persoas tivesen cabida. Unha sociedade responsable do benestar dos seus membros. Unha sociedade quen de recoñecer e valorar, no seu proceso de crecemento e avance, o inestimable papel de todos os colectivos que a forman. Unha sociedade atenta, consciente e sensible fronte aos constantes cambios que a caracterizan e, sobre todo, unha sociedade activa, capaz de artellar mecanismos, ferramentas e respostas axeitadas ante os desafíos e necesidades que día a día se lle presentan.

Neste sentido, Galicia, ao igual que a gran maioría dos territorios do noso contorno, atópase ante o desafío do envellecemento poboacional.

Un reto que desde a Consellería de Traballo e Benestar consideramos á súa vez como unha oportunidade que a sociedade galega debe aproveitar para demostrar que é realmente integradora para todas as persoas, con independencia da súa idade. Unha sociedade responsable do benestar e quen de recoñecer e valorar o inestimable papel que as persoas maiores teñen en Galicia e que sabe da transformación experimentada polo colectivo das persoas maiores. Unha sociedade que asume un novo concepto de vellez e que articula novos mecanismos, ferramentas e respostas para atender a este desafío.

Co obxectivo de afrontar este reto, o Goberno galego desenvolveu o Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, *Horizonte 2015*, instrumento que nos vindeiros anos servirá en Galicia para converter as políticas e actuacións destinadas a promover a calidade de vida deste colectivo social nun dos grans eixes neurálxicos da acción de goberno, facéndoo desde unha perspectiva actual, transversal, integral, activa e preventiva.

Este documento permitirá a Galicia situarse na vangarda e ser a referencia da atención do benestar das persoas maiores, mediante a implementación das medidas que nel se recollen.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia

## INTRODUCCIÓN

En Galicia o colectivo formado polas persoas maiores de 65 anos está composto por máis de 611.000 persoas o que representa preto do 22 % do total da poboación da nosa Comunidade Autónoma. Porén ningunha persoa, por razóns de proximidade familiar ou social ou exercicio profesional, é allea ás necesidades deste colectivo social.

Esta é unha das razóns fundamentais pola que, desde a súa concepción inicial, se evidenciou como indispensable elaborar o instrumento de planificación e coordinación estratéxica das actuacións, recursos e programas destinados ás persoas maiores para os próximos anos.

Así naceu o Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013, *Horizonte 2015*, que se deseñou para todos os galegos e as galegas tendo en consideración tres premisas básicas e fundamentais: a diversidade, a transversalidade/integración e a participación.

- **A diversidade:** o Plan tiña que ter en conta que cando se fala dun colectivo que representa a máis do 21%, case o 22% da poboación, estase a falar dun colectivo de máis de 65 anos con necesidades diversas e concretas e que precisan, polo tanto, de recursos e servizos que presten unha atención específica para estas necesidades concretas e diversas.
- **A transversalidade/integración:** o Plan tiña que facer posible que o desenvolvemento de políticas, actuacións e recursos destinados ás persoas maiores supuxese un elemento presente en todos os ámbitos de actuación da administración galega. Debía promover un salto cualitativo nas medidas, pasando dunha visión reduccionista destas actuacións e medidas como un compartimento estanco dentro do ámbito das políticas sociais a un enfoque transversal.
- **A participación:** o Plan tiña que ser froito dun proceso de diálogo cos distintos axentes sociais que traballan no desenvolvemento de actuacións orientadas a mellorar a calidade de vida das persoas maiores de 65 anos na nosa Comunidade Autónoma. Un proceso de diálogo que permitise a integración nel dos intereses de cada un deles e o acordo e a concertación consensuada das súas medidas e liñas estratéxicas de actuación.

Cumpridas estas premisas, hoxe teñen un reflexo plenamente identificable no documento que temos estre as mans: O Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013, *Horizonte 2015*.

Este considera a heteroxeneidade das necesidades e das situacións nas que se atopan as persoas que compoñen este colectivo social a nivel de autonomía/dependencia, situación socioeconómica ou familiar e que articula medidas específicas para atender a estas distintas circunstancias e necesidades.



Neste senso, o Plan estrutúrase en torno a catro núcleos de acción en relación aos cales define obxectivos operativos e medidas concretas para atender esta diversidade de situacións e necesidades.

O seu primeiro núcleo de acción “**PROMOCIÓN DE VALORES E PROTECCIÓN DE DEREITOS**” contén medidas orientadas á consecución de catro obxectivos operativos: difundir a vellez como unha etapa da vida na que se poden facer importantes achegas á sociedade; difundir os dereitos das persoas maiores; mellorar os mecanismos existentes para a protección dos dereitos das persoas maiores e a prevención das situacións de risco e reducir as desigualdades entre homes e mulleres promovendo os principios da igualdade de xénero entre as persoas maiores.

O segundo núcleo de acción “**ENVELLECIMENTO ACTIVO E PARTICIPACIÓN SOCIAL**” define cinco obxectivos operativos destinados a: promover a autonomía das persoas maiores e favorecer un envellecemento san e saudable; contribuír á participación proactiva das persoas maiores na sociedade civil dándolles a oportunidade de expresar as súas opinións nos procesos de toma de decisións; potenciar a participación de e para as persoas maiores en programas de voluntariado implicándoos nun proceso de solidariedade interpersoal e promover o acceso e a participación das persoas maiores en actividades culturais, de ocio e tempo libre e potenciar e valorizar a contribución das persoas maiores ao ámbito socioeconómico e profesional das traballadoras e traballadores de Galicia.

“**PRESTACIÓN DE SERVIZOS CON EFICACIA E CALIDADE**” é o terceiro dos núcleos de acción deste Plan e neste apartado dedica un total de seis obxectivos operativos ao deseño de medidas orientadas a: ampliar o catálogo de programas, servizos, recursos e prestacións dispoñibles para mellorar a calidade de vida das persoas maiores que residen no seu fogar; potenciar o desenvolvemento de recursos destinados á permanencia das persoas maiores no seu contorno habitual, particularmente daquelas que presentan algún tipo de limitación no seu grao de autonomía persoal; avanzar na creación de recursos de atención residencial destinados, prioritariamente, a aquelas persoas que por razón do seu grao de dependencia xa non poidan seguir vivindo no seu contorno; promover a mellora dos coñecementos e a formación das persoas que realizan tarefas de atención ás persoas maiores; asegurar que o desenvolvemento do catálogo de programas, servizos e recursos destinados ás persoas maiores se realice atendendo a principios de calidade e promover a xeración de novos recursos, programas e servizos destinados á atención ás persoas maiores mediante a posta en marcha de actuacións altamente intensivas en materia de I+D+i.

O último núcleo, denominado “**COOPERACIÓN TRANSVERSAL**”, a través da posta en marcha de medidas destinadas á consecución dun total de catro obxectivos operativos, pretende: establecer instrumentos e/ou estratexias de mellora da cooperación interdepartamental para o logro dos obxectivos que esixen unha actuación conxunta; favorecer o desenvolvemento de sinerxías de cara ao ámbito local para unha mellor ordenación/xestión de recursos e un maior impacto das

políticas autonómicas; promover instrumentos e/ou estratexias de cooperación supraautonómicas para a achega das medidas previstas no Plan aos galegos residentes no exterior e fomentar mecanismos ou instrumentos para a difusión integral do Plan.

En canto á premisa da transversalidade/integración, o Plan é un documento no que todas as administracións, locais e autonómicas, están implicadas. Esta implicación asegúrase a través dunha tripla vía: mediante a participación no seu proceso de redacción de todos os departamentos da Xunta de Galicia e das entidades representativas das corporacións locais galegas, mediante a previsión da participación na implementación de medidas previstas ao longo de todo o Plan dos distintos departamentos da Administración autonómica e entidades locais dos distintos niveis territoriais e a través da previsión de medidas e instrumentos específicos definidos no núcleo de acción 4 do Plan “COOPERACIÓN TRANSVERSAL” para que esta cooperación sexa viable e frutífera ao longo de todo o período de implementación do Plan e máis alá da súa fase de elaboración inicial.

E finalmente a premisa da participación. O Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013, *Horizonte 2015* é froito dun proceso participativo ao que foron convocadas, non só as administracións públicas e organismos dependentes dos distintos niveis territoriais sinalados con anterioridade, senón tamén as entidades representativas dos intereses do colectivo formado polas persoas maiores en Galicia e polas organizacións sociais e entidades representativas dos e das profesionais que desenvolven actividades destinadas a asegurar e mellorar o benestar e a calidade de vidas da persoas maiores na nosa Comunidade Autónoma.

Este proceso de diálogo participativo, que naceu na fase inicial de elaboración do plan, ten vocación de continuidade e permanencia ao longo da fase de implementación efectiva, e permitirá que este plan sexa un instrumento vivo, permanentemente actual e adaptado á realidade constantemente cambiante que caracteriza á sociedade de hoxe e que, sen dúbida, seguirá a caracterizar a sociedade galega do futuro.

Con estas tres premisas traballamos e son as que servirán de guía de actuación para a súa implementación. Estas tres premisas son as que permitirán que o Plan sexa non só un conxunto de medidas para as máis de 611.000 persoas maiores de 65 anos que hai en Galicia, senón o Plan de e para todas as galegas e os galegos.

O Plan remata co apartado de SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN que fai referencia ao á proposta proposta metodolóxica e ao conxunto de accións destinadas a asegurar o desenvolvemento das medidas e a consecución dos obxectivos establecidos e contempla a creación dun equipo director do Plan que asumirá esta responsabilidade liderando a Comisión Interdepartamental creada para o efecto e contando co apoio das entidades colaboradoras para o seguimento e a avaliación daquelas medidas nas que teñan unha participación directa.

Coro Piñeiro Vázquez  
Directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal

## 2. O PLAN GALEGO DAS PERSOAS MAIORES 2010 - 2013, HORIZONTE 2015

Páx.8

|                         |    |
|-------------------------|----|
| 2.1. Antecedentes ..... | 9  |
| 2.2. Pertinencia .....  | 15 |

## 2.1. ANTECEDENTES

A articulación de medidas destinadas á atención ás persoas maiores atopa o seu sustento nun amplo conxunto de normas xurídicas e documentos programáticos e de planificación que, nos distintos ámbitos de intervención territorial, teñen definido importantes dereitos, obrigas, principios de acción e criterios procedementais no ámbito da posta en marcha de actuacións destinadas ás persoas maiores a nivel autonómico, estatal, europeo e internacional. Un conxunto de normas xurídicas e documentos programáticos e de planificación que foron algúns dos antecedentes e guías de actuación máis importantes dos tidos en conta na definición e deseño das medidas previstas neste Plan e servirán como referencia básica no seu proceso de implementación efectiva.

A continuación recóllense catro cadros referenciais relativos a documentos de tipo legal, de planificación ou declarativos que, a nivel galego, estatal, europeo e supraeuropeo, teñen conformado o corpo normativo e o acervo programático previo a este Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015.

| CADRO REFERENCIAL AUTONÓMICO                                                                                                             |           |                                                      |                                       |                                                                                                                                                                                                                                               |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|------------------------------------------------------|---------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| DENOMINACIÓN                                                                                                                             | TIPOLOXÍA | ENTIDADE RESPONSABLE DA SÚA ELABORACIÓN / APROBACIÓN | REFERENCIA DE PUBLICACIÓN             | FINALIDADE PRINCIPAL                                                                                                                                                                                                                          |
| Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia                                                                  | Legal     | Cortes Xerais do Estado                              | BOE Nº 101, do 28 de abril de 1981    | Establecer o marco institucional básico da Comunidade Autónoma de Galicia: sinais de identidade, delimitación do territorio, competencias asumidas e organización institucional da Comunidade Autónoma                                        |
| Lei 13/ 2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia                                                                           | Legal     | Xunta de Galicia/ Parlamento de Galicia              | DOG Nº 245, do 18 de decembro de 2008 | Estruturar e regular como servizo público os servizos sociais en Galicia, garantindo o dereito recoñecible e esixible das persoas ao acceso aos servizos sociais que lle corresponden en función da valoración obxectiva das súas necesidades |
| Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais | Legal     | Xunta de Galicia                                     | DOG Nº 147, do 31 de xullo de 2007    | Regulamentar o réxime de autorización e acreditación dos centros e programas de servizos sociais, así como establecer as condicións e requisitos xerais que deben cumprir para o seu funcionamento                                            |



XACOBEO 2010  
Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |       |                  |                                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|------------------|---------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes                                                                                                                                                                                                      | Legal | Xunta de Galicia | DOG Nº 202, do 18 de outubro de 2007  | Crear e regular o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para Persoas con Discapacidade e/ou Dependentes, definir a súa natureza e características e determinar os requisitos e procedemento para o acceso a este                                                                                                                                                                                                                           |
| Decreto 19/2008, de 7 de febreiro, polo que se crea a Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas                                                                                                                                                                                     | Legal | Xunta de Galicia | DOG Nº 36, de 20 de febreiro de 2008  | Regular os centros de día de atención social para persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas como equipamentos de servizos sociais dirixidos a proporcionar unha atención social especializada ás persoas que padecen este tipo de demencias                                                                                                                                                                                     |
| Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia o dereito ás prestacións do SAAD,o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes                                                               | Legal | Xunta de Galicia | DOG Nº 34, do 19 de febreiro de 2010  | Regular o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización dos órganos técnicos competentes                                                                                                                                                          |
| Orde do 18 de abril do 1996, modificada pola Orde do 13 de abril de 2007, pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos que deben cumprir os centros de atención ás persoas maiores                                                                                                       | Legal | Xunta de Galicia | DOG Nº 80, do 25 de abril de 2007     | Desenvolver a normativa autonómica de autorización e acreditación de centros de servizos sociais no relativo aos requisitos que deben cumprir os centros que presten atención ao colectivo das persoas maiores                                                                                                                                                                                                                                    |
| Orde do 20 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996, relativa á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores                                                                                                                                                    | Legal | Xunta de Galicia | DOG Nº 145, do 25 de xullo de 2010    | Modificacar os requisitos das vivendas comunitarias                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, se fixan intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia | Legal | Xunta de Galicia | DOG Nº 246, do 21 de decembro de 2007 | Desenvolver a normativa pola que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia e establecer as intensidades de protección dos servizos, o réxime de incompatibilidades entre os servizos e prestacións económicas e regular os criterios para a xestión das prestacións do catálogo SAAD en Galicia |
| Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar                                                                                                                                                                                                                                                                                | Legal | Xunta de Galicia | DOG Nº 22, do 2 de febreiro de 2009   | Realizar unha regulación xeral do servizo de axuda no fogar desenvolvido por calquera das entidades prestadoras de servizos sociais legalmente recoñecidas                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| Decreto 253/2000, do 5 de outubro, polo que se crea e regula o Consello Galego das Persoas Maiores                                                                                                                                                                                                                                                          | Legal | Xunta de Galicia | DOG Nº 207, do 25 de outubro de 2000  | Crear o Consello Galego das Persoas Maiores e regular a súa composición e funcionamento como órgano consultivo e de participación e de colaboración das persoas maiores nas materias dos servizos sociais que lles afecten e sexan competencia da Comunidade Autónoma                                                                                                                                                                             |

|                                                                                                                                                                                                                                                  |                  |                  |                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|------------------|--------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Orde pola que se regulan as bases polas que se rexe a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio ...                    | Legal            | Xunta de Galicia | DOG, convocatoria de periodicidade anual                                       | Regular as bases polas que se rexe a concesión, en réxime de concorrència competitiva de subvencións ás corporacións locais para o cofinanciamento dos servizos sociais da súa competencia e proceder á súa convocatoria                                                                                                                               |
| Orde pola que se establecen as bases polas que se rexe a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para o mantemento e promoción de actividades e programas nas áreas de atención ás persoas maiores e persoas con discapacidade | Legal            | Xunta de Galicia | DOG, convocatoria de periodicidade anual                                       | Establecer as bases reguladoras da concesión de subvencións a entidades de iniciativa social que prestan atención ao colectivo de persoas con discapacidade co obxecto de que acaden a máxima autonomía e independencia e a entidades que prestan atención ás persoas maiores orientadas á consecución do seu benestar, autonomía e integración social |
| Resolución conxunta da Secretaría Xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e da Secretaría Xeral de Benestar do 12 de agosto de 2008 pola que se crea a Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar                          | Legal            | Xunta de Galicia | Non publicada                                                                  | Crear a Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar e regular as súas normas de organización e funcionamento                                                                                                                                                                                                                                  |
| Plan Galego das Persoas Maiores 2001-2006                                                                                                                                                                                                        | De planificación | Xunta de Galicia | 2001, Documentos técnicos                                                      | Articular a estratexia de acción para definir e ordenar o conxunto de actuacións e recursos dirixidos ás persoas maiores da Administración autonómica Galega no período 2001-2006                                                                                                                                                                      |
| II Plan Galego de Inclusión Social 2007- 2013                                                                                                                                                                                                    | De planificación | Xunta de Galicia | 2007, Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Secretaría Xeral de Benestar | Establecer un instrumento de planificación para a articulación das medidas da Xunta de Galicia destinadas á loita contra a pobreza e a exclusión social                                                                                                                                                                                                |

## CADRO REFERENCIAL ESTATAL

| DENOMINACIÓN                                                                                                        | TIPOLOXÍA | ENTIDADE RESPONSABLE DA SÚA ELABORACIÓN / APROBACIÓN | REFERENCIA DE PUBLICACIÓN             | FINALIDADE PRINCIPAL                                                                                                                                                                                                                                                         |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|------------------------------------------------------|---------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Constitución Española de 1978                                                                                       | Legal     | Cortes Xerais do Estado                              | BOE Nº 311, do 29 de decembro de 1978 | Establecer as normas fundamentais que rexen a organización político administrativa do Estado e definir o conxunto de dereitos e deberes fundamentais dos e das cidadáns e cidadás                                                                                            |
| Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia | Legal     | Cortes Xerais do Estado                              | BOE Nº 299, do 15 de decembro de 2006 | Regular as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito subxectivo da cidadanía á Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación dun sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia |
| Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade                                                                      | Legal     | Cortes Xerais do Estado                              | BOE Nº 102, do 29 de abril de 1986    | Efectuar unha regulación xeral de todas as accións que permiten facer efectivo o dereito á protección da saúde                                                                                                                                                               |



XACOBEO 2010  
Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |       |                         |                                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|-------------------------|------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde                                                                                                                                                                                                                  | Legal | Cortes Xerais do Estado | BOE Nº 128, do 29 de maio de 2003  | Establecer o marco legal para as accións de coordinación e cooperación das administracións públicas sanitarias no exercicio das súas respectivas competencias de xeito que se garanta a equidade, calidade e participación social no sistema nacional de saúde                                                                                                                                     |
| Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 24 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de seguridade social                                                                                                                                                                           | Legal | Goberno do Estado       | BOE Nº 154, do 29 de xuño de 1994  | Aprobar as normas xerais do Sistema da Seguridade Social, regular o réxime xeral da Seguridade Social e a protección por desemprego                                                                                                                                                                                                                                                                |
| Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia                                                | Legal | Goberno do Estado       | BOE Nº 96, do 21 de abril de 2007  | Aprobar o baremo de valoración dos graos e niveis de dependencia                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| Real decreto 614/2007, do 11 de maio, polo que se establece o nivel mínimo de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia garantido pola Administración Xeral do Estado                                                                                                      | Legal | Goberno do Estado       | BOE Nº 114, do 12 de maio de 2007  | Establecer a regulación do nivel mínimo de protección aportado pola Administración xeral do Estado ao Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia                                                                                                                                                                                                                                            |
| Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a seguridade social dos coidadores das persoas en situación de dependencia                                                                                                                                                              | Legal | Goberno do Estado       | BOE Nº 114, do 12 de maio de 2007  | Regular a inclusión na Seguridade Social dos coidadores non profesionais en desenvolvemento da previsión normativa establecida na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia                                                                                                                                              |
| Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, polo que se establecen os criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia | Legal | Goberno do Estado       | BOE Nº 138, do 9 de xuño de 2007   | Aprobar os criterios para determinar a intensidade de protección de cada un dos servizos recollidos no artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e a compatibilidade e incompatibilidade entre estes, así como establecer a contía das prestacións económicas e regular os supostos de desprazamentos entre as comunidades autónomas e a protección das persoas emigrantes españolas retornadas |
| Real decreto 99/2009, do 6 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 614/2007, do 11 de maio sobre o nivel mínimo de protección do sistema para a autonomía e a atención á dependencia garantida pola Administración xeral do Estado                                                      | Legal | Goberno do Estado       | BOE Nº 43, 19 de febreiro de 2009  | Modificar os artigos 3 e 5 do Real decreto 614/2007, do 11 de maio, sobre o nivel mínimo de protección do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia garantido pola Administración xeral do Estado                                                                                                                                                                                  |
| Real decreto 117/2005, do 4 de febreiro polo que se regula o Consello Estatal das Persoas Maiores, parcialmente modificado polo Real decreto 1128/2008, do 4 de xullo e Real decreto 1434/2008, do 29 de agosto                                                                                  | Legal | Goberno do Estado       | BOE Nº31, do 5 de febreiro de 2005 | Regular o Consello Estatal das Persoas Maiores como órgano colexiado interministerial de carácter asesor e consultivo da Administración xeral do Estado que ten como finalidade institucionalizar a colaboración e participación das persoas maiores na definición, aplicación e seguimento das políticas de atención, inserción social e calidade de vida dirixidas a este sector da poboación    |

|                                                                              |                  |                   |                                                         |                                                                                                                                                                                                                                  |
|------------------------------------------------------------------------------|------------------|-------------------|---------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Plan de Acción para as Persoas Maiores 2003-2007                             | De planificación | Goberno do Estado | Consello de Ministros do 29 de agosto de 2003           | Deseñar, orientar e concretar as iniciativas e actuacións a desenvolver pola Administración xeral do Estado destinadas ás persoas maiores co fin de asegurar o acceso universal e sinxisto a unha sociedade para todas as idades |
| Plan Xerontolóxico Estatal: Plan de Acción para as Persoas Maiores 2000-2005 | De planificación | Goberno do Estado | 2000, IMSERSO, Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais | Establecer a estratexia de política integral de intervención coas persoas maiores no período temporal 2000-2005                                                                                                                  |

| CADRO REFERENCIAL EUROPEO                                                                                                                                                                     |                                 |                                                                                                  |                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| DENOMINACIÓN                                                                                                                                                                                  | TIPOLOXÍA                       | ENTIDADE RESPONSABLE DA SÚA ELABORACIÓN / APROBACIÓN                                             | REFERENCIA DE PUBLICACIÓN                                                                    | FINALIDADE PRINCIPAL                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea                                                                                                                                              | Legal/ Xuridicamente vinculante | Parlamento Europeo, Consello Europeo e Comisión Europea                                          | DOCE, C 364, de 18 de decembro de 2000                                                       | Recoller o conxunto de dereitos civís, políticos, económicos e sociais das cidadás e dos cidadáns europeos e de todas as persoas que viven no territorio da Unión                                                                                                                                        |
| Axenda Social Renovada: oportunidades, acceso e solidariedade na Europa do s.XXI                                                                                                              | De planificación e programación | Comisión Europea                                                                                 | COM (2008) 412 final non publicada no DO                                                     | Garantir que as políticas da Unión Europea respondan eficazmente aos actuais desafíos económicos e sociais, creando novas oportunidades para os cidadáns e as cidadás da Unión                                                                                                                           |
| Informe: "How to promote Ageing Well in Europe: Tools Available to Local and Regional Actors"                                                                                                 | De análise e información        | Comité das Rexións da Unión Europea, AGE Platform Europe                                         | Publicado por AGE en colaboración co Comité das Rexións o 27 de outubro de 2009              | Recoller os retos aos que se enfrontan os actores rexionais e locais europeos derivados do envellecemento poboacional e achegar propostas de actuación en distintas áreas destinadas á loita contra a pobreza e a exclusión social das persoas maiores                                                   |
| Informe: "The Social Situation in the European Union 2009"                                                                                                                                    | De análise e información        | Comisión Europea, Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Igualdade de Oportunidades da UE | Comisión Europea, catálogo N.: KE-AG-09-001-EN-C)                                            | Proporcionar un resumo do panorama xeral da situación social da Unión Europea coa finalidade de que sirva como instrumento de identificación dos grupos que presentan un maior risco de exclusión e dos problemas aos que se enfrontan e ferramenta sobre a que basear as decisións políticas neste eido |
| Conclusións da Conferencia Europea sobre Solidariedade Interxeracional. Por unha Sociedade Cohesiva e Sostible. Abril de 2008                                                                 | Declarativo                     | Entidades participantes na Conferencia                                                           | Conferencia Europea sobre Envellecemento Activo e Saudable, Logroño 29 e 30 de abril de 2008 | Establecer as conclusións da Conferencia, promover novos traballos e fomentar a creación do Día Europeo de Solidariedade Interxeracional e a instauración do ano 2012 como o Ano Europeo do Envellecemento Activo e Solidariedade Interxeracional                                                        |
| Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións de 10 de maio de 2007 "Promover a solidariedade entre as xeracións" | De planificación e programación | Comisión Europea                                                                                 | COM (2007) 244 final non publicada no DO                                                     | Reforzar a solidariedade interxeracional e aumentar as posibilidades de que os cidadáns e as cidadás realicen os seus proxectos familiares ante os retos vinculados aos cambios demográficos                                                                                                             |

|                                                                                                                             |                            |                  |                                                      |                                                                                                                                                              |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|------------------|------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Comunicación da Comisión de 12 de outubro de 2006 " O futuro demográfico de Europa: transformar un reto nunha oportunidade" | De análise e planificación | Comisión Europea | COM (2006) 571 final non publicada no Diario Oficial | Presentar os obxectivos da Comisión Europea en materia de emprego das persoas de idade avanzada, modernización da protección social e renovación demográfica |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|------------------|------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

| <b>CADRO REFERENCIAL SUPRAEUROPEO</b>                                                                                      |                                                |                                                                                          |                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>DENOMINACIÓN</b>                                                                                                        | <b>TIPOLOXÍA</b>                               | <b>ENTIDADE RESPONSABLE DA SÚA ELABORACIÓN / APROBACIÓN</b>                              | <b>REFERENCIA DE PUBLICACIÓN</b>                                                                    | <b>FINALIDADE PRINCIPAL</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| Declaración Universal dos Dereitos Humanos                                                                                 | Declarativo, con valor xurídico interpretativo | Asemblea Xeral das Nacións Unidas                                                        | Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Resolución 217 (III) de 10 de decembro de 1948, París            | Recolleción o conxunto de dereitos humanos considerados como básicos e promover o seu respecto e a adopción de medidas de carácter nacional e internacional para o seu coñecemento e aplicación universal e efectiva                                                                                                                                                                                                             |
| Plan de Acción Internacional sobre o Envellecemento da Organización das Nacións Unidas                                     | De planificación e recomendación               | Primeira Asemblea Mundial das Nacións Unidas sobre o Envellecemento, Viena               | Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Resolución 37/51, de 3 de decembro de 1982                       | Desenvolver un instrumento internacional que sirva de base para a formulación de políticas e programas sobre o envellecemento, realizando recomendacións para a acción en aspectos como a investigación, a recolección de datos, análise ou a capacitación e que recolla medidas en materias como a saúde e nutrición, o consumo, a vivenda, o medioambiente, a familia a seguridade social e económica, o emprego e a educación |
| Principios das Nacións Unidas a favor das Persoas de Idade                                                                 | Declarativo                                    | Asemblea Xeral das Nacións Unidas                                                        | Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Resolución 46/91, do 16 de decembro de 1991                      | Definir os principios básicos que deben guiar as actuacións dos Estados en cinco ámbitos fundamentais relacionados coas persoas de idade: independencia, participación, coidados, realización persoal e dignidade                                                                                                                                                                                                                |
| Proclamación da Asemblea Xeral das Nacións Unidas sobre o Envellecemento                                                   | Declarativo                                    | Asemblea Xeral das Nacións Unidas                                                        | Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Resolución 46/5 do 16 de outubro de 1992                         | Establecer a orientación xeral para seguir aplicando o Plan de Acción das Nacións Unidas sobre o Envellecemento e declarar o ano 1999 como Ano Internacional das Persoas de Idade                                                                                                                                                                                                                                                |
| Declaración Política e Plan de Acción Internacional sobre o Envellecemento da Organización das Nacións Unidas, Madrid 2002 | Declarativo e de planificación                 | Segunda Asemblea Mundial sobre o Envellecemento Madrid 2002. Nacións Unidas A/CONF.179/9 | Informe da Segunda Asemblea Mundial sobre o Envellecemento Madrid 2002. Nacións Unidas A/CONF.179/9 | Dar resposta ás oportunidades e retos que plantea o envellecemento da poboación do s.XXI a través da proposta de medidas destinadas á súa adopción a niveis nacionais e internacionais en tres direccións prioritarias: as persoas de idade e o desenvolvemento, a promoción da saúde e o benestar na vellez e o logro de contornos emancipadores e propicios                                                                    |
| Envellecemento activo: un marco político                                                                                   | Informativo e de planificación                 | Organización Mundial da Saúde                                                            | Asemblea Mundial sobre o Envellecemento Madrid 2002.                                                | Aportar información ao debate e á formulación de Plans de acción que promovan a saúde e o envellecemento activo                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |

## 2.2. PERTINENCIA

A atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

Na Comunidade Autónoma galega o colectivo conformado polas persoas de 65 anos en diante representa preto do 22% do total da poboación. Este dato decisivo, de entre outros de especial relevancia para este sector da poboación, implica, necesariamente, que o deseño e implementación de medidas destinadas á intervención social con persoas maiores e ao logro do seu benestar e calidade de vida ademais de ser unha condición indispensable para a consecución dun alto grao de benestar social xeral ten que supoñer tamén unha prioridade fundamental na estratexia de intervención e actuación governamental.

Unha estratexia de intervención governamental que debe contar con instrumentos axeitados de planificación e coordinación que, a partir do coñecemento profundo da realidade social, permitan achegar respostas concretas, coordinadas, innovadoras e específicas ás necesidades e demandas das persoas maiores en forma de recursos, equipamentos e actuacións que atendan aos constantes cambios normativos, sociais, económicos e doutra natureza que caracterizan a dinámica social actual e aos que o colectivo conformado polas persoas maiores non é alleo.

Cando falamos de instrumentos de planificación estratéxica no eido das persoas maiores resulta obrigado facer referencia ao Plan Galego de Persoas Maiores 2001-2006 que definiu, a partir da detección das necesidades e demandas concretas das persoas maiores existentes naquel momento, a estratexia de acción para ordenar o conxunto de actuacións e recursos da Administración autonómica dirixidos a este colectivo social naquel período temporal.

Este instrumento, que foi o referente da política integral para as persoas maiores no seu momento e que produciu un profundo cambio cualitativo nos principios reitores das actuacións, recursos e programas destinados a este sector da poboación, por estar deseñado para un período temporal concreto cunhas características socioeconómicas moi distintas das actuais, non achega neste momento respostas válidas debido a que os cambios producidos desde o ano 2006 ata agora son moi superiores aos producidos durante o período de cinco anos que durou o plan anterior, basicamente debido á incorporación no noso marco normativo da Lei 39/2006, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e a súa normativa de desenvolvemento, e da nova Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.

Igualmente, é importante sinalar que, en Galicia no período máis recente 2007 - 2009 a planificación e coordinación estratéxica das actuacións, recursos e programas destinados ás persoas maiores careceu dunha ferramenta específica de estruturación destas actuacións, recursos e programas.

Por estas razóns a elaboración do Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 adquire unha especial relevancia e nace coa finalidade principal de establecer un marco eficaz de actuación destinado a deseñar, coordinar e planificar estratexicamente o conxunto de actuacións, programas e recursos orientados a atender as necesidades e demandas das persoas maiores de Galicia no período temporal 2010 - 2015.

Un marco eficaz que teña en conta as profundas transformacións relacionadas directa ou indirectamente coas persoas maiores e experimentadas pola sociedade galega nos últimos anos. Unhas transformacións que afectan ámbitos tan diversos como o administrativo, normativo e legal, sociodemográfico e socioeconómico, tecnolóxico e mesmo ao de dotacións de recursos. Unhas transformacións que a grans trazos se poden resumir en:

Cambios organizativos e departamentais da Administración autonómica galega que fan precisa a actualización dos instrumentos de coordinación orientados a desenvolver actuacións de carácter transversal no ámbito das accións, recursos e programas destinados ás persoas maiores en Galicia.

Transformacións normativas introducidas fundamentalmente pola aprobación da Lei 39/ 2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e das disposicións complementarias estatais e autonómicas para o seu desenvolvemento, que deron natureza de dereitos subxectivos a un importante conxunto de dereitos sociais para persoas en situación de dependencia, entre as que destaca, polo seu número o colectivo das persoas maiores, e estableceron un novo catálogo de servizos e prestacións para a atención a este sector da poboación.

Cambios sociodemográficos e socioeconómicos caracterizados, esencialmente, por unha intensificación dos índices de envellecemento poboacional na nosa comunidade coas conseguíntes repercusións nos niveis de incidencia de enfermidades asociadas á vellez, coma o Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas. Igualmente neste senso hai que sinalar as profundas

transformacións experimentadas nas estruturas familiares, e dentro delas as derivadas da incorporación progresiva da muller ao mercado laboral, o que implicou o abandono do campo e a migración a vilas e cidades, o cal unido a unhas maiores expectativas de vida e a unha vida máis saudable, repercutiron determinantemente tanto nunha maior incidencia de situacións de persoas maiores que viven soas como nunha maior demanda de equipamentos e recursos destinados á atención deste colectivo.

Ampliación da carteira de equipamentos, recursos e servizos de carácter público xa existentes destinados á atención das necesidades e demandas das persoas maiores e incremento da oferta coa creación de novos equipamentos, recursos e servizos. A xeito de exemplo pódese facer referencia ao incremento de prazas residenciais públicas ou financiadas con fondos públicos, ampliación dos servizos de Teleasistencia Domiciliaria ou a creación de novos servizos e prestacións como o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal ou as libranzas recoñecidas pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Igualmente neste nivel é destacable o importante incremento, nos últimos anos, dos niveis de profesionalización na prestación de servizos e xeración de recursos destinados ás persoas maiores.

O importante avance das novas tecnoloxías que, ao igual que noutros ámbitos, ten propiciado tamén a aparición dun elevado número de posibilidades de actuación destinadas á atención das necesidades das persoas maiores.

Este conxunto de cambios e transformacións converten en imprescindible que, na elaboración do Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 e as actuacións que este prevé, se considere unha perspectiva multidimensional que permita, en liña coa importancia que o colectivo conformado polas persoas maiores ten na sociedade galega actual, elevar os valores do envellecemento ao centro das políticas da Xunta de Galicia, mediante a consideración dos seguintes enfoques fundamentais:

- ENFOQUE ACTIVO
  - ENFOQUE PREVENTIVO
    - ENFOQUE TRANSVERSAL
      - ENFOQUE INTEGRAL
        - ENFOQUE ACTUAL

## **ENFOQUE ACTIVO**

---

***DESTINADO A FOMENTAR ACTITUDES MOITO MÁIS ACTIVAS E PARTICIPATIVAS NAS PERSOAS MAIORES, PERMITINDO O SALTO DA CONSIDERACIÓN DESTE SECTOR DA POBOACIÓN COMO DESTINATARIO DAS POLÍTICAS E PROGRAMAS A DEFINIDORES DOS MESMOS EN FUNCIÓN DAS DEMANDAS E NECESIDADES ESPECÍFICAS POR ELAS MANIFESTADAS***

As persoas maiores teñen o dereito, e polo tanto deben ter a posibilidade dunha integración plena na sociedade. Teñen o dereito de participación na sociedade e esta ten a obriga de escoitalas coa finalidade de que as políticas sociais que para elas se formulen dean resposta aos seus intereses e inquiredanzas, facilitándolles canles para facer efectivo o recoñecemento dos seus dereitos. Igualmente, as persoas maiores, teñen o dereito de acceso aos órganos de representación que lles permitan participar activamente na definición, formulación e aplicación das políticas, plans e programas que lles afecten directamente ou indirectamente no seu benestar e calidade de vida.

## **ENFOQUE PREVENTIVO**

---

***QUE PERMITA DAR UN SALTO CUALITATIVO NO DESEÑO DAS MEDIDAS DESTINADAS Á ATENCIÓN DAS PERSOAS MAIORES DESDE UN ENFOQUE DE ACTUACIÓN ORIENTADO A ACHEGAR RECURSOS PARA A ATENCIÓN ÁS SITUACIÓNS DE DEPENDENCIA CANDO ESTAS XA SON UNHA REALIDADE, ATA UN ENFOQUE PREVENTIVO, NO QUE SE PRIORICEN AS ACTUACIÓNS DESTINADAS A MANTER A AUTONOMÍA PERSOAL DAS PERSOAS MAIORES O MAIOR TEMPO POSIBLE, ASÍ COMO A SÚA PERMANENCIA NO SEU CONTORNO FAMILIAR OU SOCIAL MÁIS PRÓXIMO, E NO QUE OS RECURSOS DESTE TIPO SEXAN SÓ UNHA PARTE DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS DESTINADAS A ESTE COLECTIVO SOCIAL***

Os programas, actuacións e recursos destinados ás persoas maiores deben ser deseñados para manter os máximos niveis de autonomía persoal e retardar na maior medida posible as situacións de dependencia, así como o internamento en recursos residenciais. Para isto os programas, actuacións e recursos destinados ás persoas maiores deben incorporar accións específicas que axuden a manter e recuperar un nivel axeitado de benestar persoal e social en termos físicos, emocionais e psicosociais, potenciando a atención comunitaria sobre a especializada, e promovendo unha maior coordinación entre a Atención Primaria de Sanidade e os Servizos Sociais Comunitarios, dado que ambos os dous están actuando sobre a mesma poboación.

## **ENFOQUE TRANSVERSAL**

***DESTINADO A QUE AS POLÍTICAS DE MAIORES SE SITÚEN EN POSICIÓN PREFERENCIAL NO PROCESO DE DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DO CONXUNTO DAS POLÍTICAS E ACTUACIÓNS REALIZADAS POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA GALEGA***

O desenvolvemento de políticas, actuacións e recursos destinados ás persoas maiores deben configurar un elemento presente en todos os ámbitos de actuación da Administración autonómica galega. O deseño e implementación de actuacións e medidas destinadas ás persoas maiores debe permitir dar un salto cualitativo que supere a visión reduccionista destas actuacións e medidas coma un compartimento estanco dentro do ámbito das políticas sociais a un enfoque transversal que incorpore medidas para a atención e promoción social das persoas maiores nos distintos ámbitos de actuación da Xunta de Galicia. É dicir que as actuacións previstas neste Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 comprometan non só á Consellería de Traballo e Benestar como departamento con competencias específicas no eido de actuación das persoas maiores senón tamén ao conxunto da estrutura departamental da Xunta de Galicia.

## **ENFOQUE INTEGRAL**

---

***QUE ADEMAIS DE ESTABLECER UN MARCO EFICAZ DE ACTUACIÓN ORIENTADO A DESEÑAR, COORDINAR E PLANIFICAR ESTRATEXICAMENTE O CONXUNTO DE ACTUACIÓNS, PROGRAMAS E RECURSOS AUTONÓMICOS DESTINADOS A ATENDER AS NECESIDADES E DEMANDAS DAS PERSOAS MAIORES GALEGAS PERMITA CREAR CANLES DE COOPERACIÓN QUE SIRVAN PARA AVANZAR EFECTIVAMENTE NA PLANIFICACIÓN E DESEÑO DE POLÍTICAS E PROGRAMAS DESTINADOS A ESTE COLECTIVO A NIVEIS LOCAIS***

De xeito paralisto ao desenvolvemento deste Plan, e como unha das medidas específicas recollidas no mesmo, considérase unha prioridade esencial contribuír a promover o establecemento de convenios de cooperación para o desenvolvemento actuacións, programas e recursos destinados á atención e promoción ás persoas maiores a nivel municipal. Convenios de colaboración que sirvan como fórmula garante dunha axeitada ordenación e xestión de recursos e mecanismo de crecemento homoxéneo das políticas destinadas ás persoas maiores que eviten a aparición e agravamento de desequilibrios territoriais neste eido e que permitan garantir a igualdade no acceso a prestacións, servizos e recursos aos usuarios dos mesmos con independencia do seu lugar de residencia. Igualmente, o instrumento de financiación dos Servizos Sociais Comunitarios debe incorporar a necesidade de que se implanten programas de intervención social destinados a este colectivo, e priorizar actuacións que repercutan de xeito positivo no benestar biopsicosocial das persoas maiores.

## **ENFOQUE ACTUAL**

---

***RESULTANTE DE COMBINAR PRÁCTICAS ACTUAIS QUE TEÑAN DADO RESULTADOS POSITIVOS CON ANTERIORIDADE CON PROPOSTAS DE CARÁCTER INNOVADOR DESENVOLTAS NOUTROS CONTEXTOS LOCAIS, AUTONÓMICOS, ESTATAIS E EUROPEOS***

Un enfoque que permita achegar unha resposta axeitada aos novos retos aos que se enfrontan ás políticas, programas e actuacións destinadas ás persoas maiores. Novos retos producidos polas profundas transformacións experimentadas pola sociedade galega nos planos administrativo, normativo, sociodemográfico e socioeconómico, tecnolóxico e dotacional nos últimos tempos. Novos retos como o que nos ofrece o coñecemento e o uso das novas tecnoloxías para potenciar a comunicación, o acceso á información e aos recursos e a participación en foros especializados.

### 3. PERSOAS DESTINATARIAS

Páx.25

|                                         |    |
|-----------------------------------------|----|
| 3.1. Perfil 1: as persoas maiores ..... | 26 |
| 3.2. Perfil 2: as/os profesionais ..... | 48 |

### 3.1. PERFIL 1: AS PERSOAS MAIORES

As cifras de poboación en Galicia que acadaron en 2009 os 2.796.089 habitantes, o que representa o 5,98% da poboación total do Estado.

Se atendemos especificamente ao sector demográfico composto polas persoas maiores, isto é persoas con 65 anos de idade en diante, obsérvase que as cifras de poboación maior de 65 anos en Galicia, no Estado, e na Unión Europea que se pretenden acadaron as 611.821, 7.784.904 e 84.600.351 persoas respectivamente, o que supón, como se pode ver na seguinte táboa, un 21,88% da poboación total da Comunidade Autónoma, un 16,65% da poboación total do Estado e un 17% do total da poboación total da Unión Europea.


| CIFRAS DE POBOACIÓN TOTAL. POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS SOBRE O TOTAL DA POBOACIÓN. VALORES ABSOLUTOS E PORCENTUAIS. |              |             |                    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|-------------|--------------------|
|                                                                                                                    | GALICIA 2009 | ESTADO 2009 | UNIÓN EUROPEA 2008 |
| POBOACIÓN TOTAL                                                                                                    | 2.796.089    | 46.745.807  | 497.649.125        |
| POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS                                                                                         | 611.821      | 7.784.904   | 84.600.351         |
| % POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS SOBRE O TOTAL DA POBOACIÓN                                                            | 21,88%       | 16,65%      | 17%                |

Elaboración propia a partir de datos dispoñibles no INE e IGE, Padrón municipal de habitantes 2009 e INDESCAT

A partir da análise dos datos recollidos na táboa anterior pódese deducir que a poboación maior de 65 anos galega representa o 7,86 % do total da poboación maior do conxunto do Estado, case dous puntos máis do que supón o total da poboación galega sobre o total da poboación do conxunto do Estado. Igualmente, pódese observar que a porcentaxe de poboación maior de 65 anos en Galicia sitúase 5,23 puntos por riba da porcentaxe da poboación maior de 65 anos do Estado e 4,88 puntos por riba da porcentaxe da poboación maior de 65 anos da Unión Europea.

Estes datos evidencian a importancia que o colectivo composto polas persoas de 65 e máis anos ten na nosa Comunidade Autónoma.

Analizando máis exhaustivamente a estrutura poboacional galega reflectida na pirámide poboacional que se recolle a continuación obsérvase que se trata dunha pirámide poboacional dunha sociedade envellecida caracterizada por unha maior taxa de mortalidade masculina así como unha maior esperanza de vida feminina.



Elaboración propia a partir de datos dispoñibles no IGE, Padrón municipal de habitantes 2009

Concretamente Galicia presenta un índice de envellecemento medio de 136,7 puntos que resposta a unha distribución territorial caracterizada por unhas importantes diferenzas no reparto xeográfico da poboación maior. Unhas diferenzas territoriais que poñen de manifesto que as provincias interiores de Galicia, Ourense e Lugo, son as máis envellecidas, cuns índices de envellecemento respectivo dun 209,8 e un 205,5 %.

| DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DA POBOACIÓN MAIOR EN GALICIA A NIVEL PROVINCIAL.<br>ÍNDICES DE ENVELLECIMENTO POBOACIONAL |         |          |        |         |            |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|----------|--------|---------|------------|
|                                                                                                                     | GALICIA | A CORUÑA | LUGO   | OURENSE | PONTEVEDRA |
| POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS                                                                                          | 611.821 | 240.033  | 98.526 | 95.970  | 177.292    |
| % DA POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS DA PROVINCIA SOBRE O TOTAL DA POBOACIÓN MAIOR DE GALICIA                            | -       | 39,23%   | 16,10% | 15,68%  | 28,97%     |
| % POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS SOBRE O TOTAL DA POBOACIÓN DA COMUNIDADE/PROVINCIA                                     | 21,88%  | 20,95%   | 27,74% | 28,59%  | 18,47%     |
| ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO POBOACIONAL                                                                                | 136,7   | 131,5    | 205,5  | 209,8   | 103        |

Elaboración propia a partir de datos dispoñibles no IGE, Padrón municipal de habitantes 2009

De xeito máis concreto, e tal e como se pode observar na táboa anterior, na provincia da Coruña o colectivo formado pola poboación de máis de 65 anos está composto por un total de 240.033 persoas, o que representa un 39,23% da poboación maior de 65 anos da Comunidade Autónoma, sendo a provincia galega con máis poboación maior de 65 anos de toda Galicia. Porén, a pesar desta importante porcentaxe a provincia da Coruña é, despois da de Pontevedra, a área xeográfica cun menor índice de envellecemento poboacional a nivel galego.

En Lugo o colectivo formado pola poboación maior de 65 anos confórmano un total de 98.526 persoas. Estas 98.526 persoas representan o 16,10% do total da poboación maior de 65 anos de Galicia e o 27,74% do total da poboación da provincia, converténdoa, cun índice do 205,5%, na segunda área xeográfica provincial cun maior índice de envellecemento poboacional da nosa Comunidade Autónoma.

En Ourense as persoas de máis de 65 anos son 95.970, o que supón un 15,68% do total da poboación maior de 65 anos de Galicia. Esta cifra converte, en termos absolutos, a Ourense na provincia galega con menos poboación maior de toda a Comunidade Autónoma. Porén, e a pesar deste dato, Ourense é a primeira área xeográfica da comunidade en termos de envellecemento poboacional. Concretamente esta provincia presenta un índice de envellecemento poboacional dun 209,8%, sendo a poboación maior de 65 anos da provincia o 28,59% da súa poboación total.

Na provincia de Pontevedra o colectivo formado pola poboación maior de 65 anos está composto por un total de 177.292 persoas o que representa un 28,97% do total da poboación maior de 65 anos da Comunidade Autónoma. Pontevedra é, en termos absolutos, a segunda provincia galega con máis poboación maior de 65 anos trala provincia da Coruña, Porén, é a provincia, cun índice de envellecemento poboacional do 103%, menos envellecida de Galicia. Igualmente Pontevedra é a provincia que presenta, en termos relativos, unha menor porcentaxe de

poboación de máis de 65 anos sobre o total da poboación da provincia. Nomeadamente na provincia de Pontevedra a poboación maior de 65 anos é o 18,47% do total da poboación da provincia.

En resumo, en termos absolutos as provincias con máis poboación maior de 65 anos da nosa Comunidade Autónoma son A Coruña e Pontevedra, seguidas por Lugo e Ourense. Porén, se ordenamos as provincias en termos relativos, é dicir, considerando a porcentaxe de poboación maior sobre o total da poboación da provincia, a orde que obtemos é practicamente a inversa, sendo Ourense e Lugo, seguidas da Coruña e Pontevedra, as provincias cunha maior porcentaxe de poboación maior de 65 anos, así como aquelas que presentan uns maiores índices de envellecemento poboacional.

Analizando as táboas relativas ás cifras de poboación maior de 65 anos e aos índices de envellecemento poboacional a nivel comarcal por provincias evidénciase como patrón xeral que as comarcas con máis poboación maior de 65 anos en termos absolutos son as comarcas urbanas que concentran as maiores cifras de poboación da provincia, non sendo en ningún caso estas comarcas as que presentan uns maiores índices de envellecemento poboacional.

Concretamente, tal e como se pode observar na táboa “POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS E ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO POBOACIONAL. COMARCAS DA PROVINCIA DA CORUÑA” as comarcas nas que o colectivo composto polas persoas maiores de 65 anos é máis gran en termos absolutos son as da Coruña, Ferrol e Santiago, sendo as comarcas de Ortegal, Barcala e Terra de Melide as que presentan uns maiores índices de envellecemento poboacional.

| POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS E ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO POBOACIONAL. COMARCAS DA PROVINCIA DA CORUÑA |                            |                                      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|--------------------------------------|
|                                                                                                    | PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS | ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO POBOACIONAL |
| ARZÚA                                                                                              | 5.102                      | 209,3                                |
| BARBANZA                                                                                           | 12.938                     | 100,1                                |
| BARCALA                                                                                            | 3.072                      | 236,9                                |
| BERGANTIÑOS                                                                                        | 16.309                     | 154,2                                |

|                         |        |       |
|-------------------------|--------|-------|
| <b>BETANZOS</b>         | 10.618 | 202,7 |
| <b>A CORUÑA</b>         | 73.863 | 113,2 |
| <b>EUME</b>             | 5.853  | 159,1 |
| <b>FERROL</b>           | 37.069 | 153   |
| <b>FISTERRA</b>         | 5.401  | 141   |
| <b>MUROS</b>            | 3.937  | 193,5 |
| <b>NOIA</b>             | 8.488  | 150,5 |
| <b>ORDES</b>            | 8.954  | 156,1 |
| <b>ORTEGAL</b>          | 4.769  | 305,7 |
| <b>SANTIAGO</b>         | 26.984 | 94    |
| <b>O SAR</b>            | 3.809  | 143,1 |
| <b>TERRA DE MELIDE</b>  | 3.897  | 215,9 |
| <b>TERRA DE SONEIRA</b> | 4.963  | 164,6 |
| <b>XALLAS</b>           | 4.007  | 180,3 |

Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE, Padrón municipal de habitantes 2009

Na provincia de Lugo as comarcas na que o colectivo composto polas persoas maiores de 65 anos é máis amplo son as de Lugo, A Terra Chá e a Terra de Lemos, sendo as comarcas de Quiroga, A Fonsagrada e Os Ancares os espazos territoriais que presentan uns maiores índices de envellecemento poboacional.

| <b>POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS E ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO POBOACIONAL. COMARCAS DA PROVINCIA DE LUGO</b> |                                   |                                             |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------|---------------------------------------------|
|                                                                                                         | <b>PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS</b> | <b>ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO POBOACIONAL</b> |
| <b>OS ANCARES</b>                                                                                       | 4.489                             | 403,1                                       |
| <b>CHANTADA</b>                                                                                         | 5.202                             | 290,1                                       |
| <b>A FONSGRADA</b>                                                                                      | 2.406                             | 413,6                                       |
| <b>LUGO</b>                                                                                             | 25.948                            | 135                                         |
| <b>A MARIÑA CENTRAL</b>                                                                                 | 7.391                             | 170,8                                       |
| <b>A MARIÑA OCCIDENTAL</b>                                                                              | 6.616                             | 167,2                                       |
| <b>A MARIÑA ORIENTAL</b>                                                                                | 4.836                             | 214,3                                       |
| <b>MEIRA</b>                                                                                            | 2.085                             | 332,6                                       |
| <b>QUIROGA</b>                                                                                          | 2.402                             | 433,8                                       |
| <b>SARRIA</b>                                                                                           | 7.546                             | 246,8                                       |
| <b>A TERRA CHÁ</b>                                                                                      | 14.337                            | 263,7                                       |
| <b>A TERRA DE LEMOS</b>                                                                                 | 11.586                            | 291,7                                       |
| <b>ULLOA</b>                                                                                            | 3.682                             | 307,3                                       |

Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE, Padrón municipal de habitantes 2009

Na provincia de Ourense as comarcas que presentan unhas cifras máis altas de poboación maior de 65 anos son as de Ourense, O Carballiño e Verín, sendo as comarcas de Terra de Caldelas, A Baixa Limia e a Terra de Celanova as que presentan uns maiores índices de envellecemento poboacional.

| POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS E ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO POBOACIONAL. COMARCAS DA PROVINCIA DE OURENSE |                            |                                      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|--------------------------------------|
|                                                                                                     | PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS | ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO POBOACIONAL |
| ALLARIZ- MACEDA                                                                                     | 5.064                      | 297,5                                |
| A BAIXA LIMIA                                                                                       | 3.454                      | 499                                  |
| O CARBALLIÑO                                                                                        | 9.463                      | 262,6                                |
| A LIMIA                                                                                             | 8.072                      | 294,1                                |
| OURENSE                                                                                             | 32.931                     | 140,5                                |
| O RIBEIRO                                                                                           | 6.527                      | 324,1                                |
| TERRA DE CALDELAS                                                                                   | 1.665                      | 606,3                                |
| TERRA DE CELANOVA                                                                                   | 8.161                      | 392,4                                |
| TERRA DE TRIVES                                                                                     | 1.967                      | 426,5                                |
| VALDEORRAS                                                                                          | 7.336                      | 162,8                                |
| VERÍN                                                                                               | 8.838                      | 238                                  |
| VIANA                                                                                               | 2.492                      | 355,7                                |

Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE, Padrón municipal de habitantes 2009

Na provincia de Pontevedra as comarcas que presentan unhas maiores cifras de poboación maior de 65 anos son as de Vigo, Pontevedra e O Salnés, sendo as de A Paradanta, Tabeirós - Terra de Montes e Deza as que presentan uns maiores índices de envellecemento poboacional tal e como se pode observar na táboa “POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS E ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO POBOACIONAL. COMARCAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”.

| POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS E ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO POBOACIONAL. COMARCAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA |                            |                                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|--------------------------------------|
|                                                                                                        | PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS | ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO POBOACIONAL |
| O BAIXO MIÑO                                                                                           | 9.418                      | 98,5                                 |
| CALDAS                                                                                                 | 7.447                      | 121,6                                |
| O CONDADO                                                                                              | 8.224                      | 104,2                                |
| DEZA                                                                                                   | 11.929                     | 185,8                                |
| O MORRAZO                                                                                              | 13.807                     | 88,5                                 |
| A PARADANTA                                                                                            | 5.036                      | 265,5                                |
| PONTEVEDRA                                                                                             | 22.229                     | 97,9                                 |
| O SALNÉS                                                                                               | 19.998                     | 94,3                                 |
| TABEIRÓS- TERRA DE MONTES                                                                              | 7.886                      | 198,4                                |
| VIGO                                                                                                   | 71.318                     | 92,5                                 |

Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE, Padrón municipal de habitantes 2009

Se ademais da perspectiva territorial temos en conta unha perspectiva de tipo temporal obsérvase que as cifras da poboación maior de 65 anos en Galicia foron adquirindo progresivamente unha maior importancia sobre o total da poboación galega, tal e como se pode apreciar na seguinte táboa.

**EVOLUCIÓN TEMPORAL DAS CIFRAS DE POBOACIÓN TOTAL E MAIOR DE 65 ANOS EN GALICIA**

|             | POBOACIÓN<br>TOTAL<br>GALICIA | VARIACIÓN DAS<br>CIFRAS TOTAIS DE<br>POBOACIÓN<br>(TERMOS ABSOLUTOS<br>/RESPECTO ANTERIOR<br>PERIODO<br>CONSIDERADO) | VARIACIÓN<br>DAS CIFRAS<br>TOTAIS DE<br>POBOACIÓN<br>(TERMOS<br>RELATIVOS) | POBOACIÓN<br>MAIOR DE 65<br>ANOS<br>GALICIA | POBOACIÓN<br>MAIOR DE 65<br>ANOS SOBRE<br>O TOTAL DA<br>POBOACIÓN | VARIACIÓN DA<br>POBOACIÓN<br>MAIOR DE 65<br>ANOS GALICIA<br>(TERMOS<br>ABSOLUTOS<br>/RESPECTO<br>ANTERIOR<br>PERIODO<br>CONSIDERADO) | VARIACIÓN DA<br>POBOACIÓN MAIOR<br>DE 65 ANOS<br>GALICIA (TERMOS<br>RELATIVOS CON<br>RESPECTO ANTERIOR<br>PERIODO<br>CONSIDERADO) |
|-------------|-------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>1991</b> | 2.731.669                     |                                                                                                                      |                                                                            | 434.824                                     | 15.91%                                                            |                                                                                                                                      |                                                                                                                                   |
| <b>2001</b> | 2.732.929                     | +1.257                                                                                                               | +0,05%                                                                     | 546.103                                     | 19.98%                                                            | +111.279                                                                                                                             | +25,59 %                                                                                                                          |
| <b>2009</b> | 2.796.089                     | +63.163                                                                                                              | +2,31%                                                                     | 611.821                                     | 21.88%                                                            | +65.718                                                                                                                              | +12,03%                                                                                                                           |

Elaboración propia a partir de datos dispoñibles no IGE.

Concretamente a poboación maior de 65 anos en Galicia pasou de representar o 15, 91% do total da poboación galega en 1991 ao 21, 88% en 2009.

Igualmente, apréciase que o crecemento relativo das cifras de poboación maior de 65 anos foi sensiblemente superior ao crecemento relativo das cifras de poboación total na nosa Comunidade.

Concretamente o crecemento relativo do colectivo formado por persoas maiores de 65 anos foi dun 25,59% no período 1991 - 2001 e dun 12,03% no período 2001- 2009, mentres que o crecemento relativo da poboación total de Galicia foi dun 0,05% no período 1991 - 2001 e dun 2,31% no período 2001 - 2009. Se consideramos o período temporal 1991 - 2009 no seu conxunto o crecemento relativo que se observa nas cifras de poboación total e poboación maior de 65 anos evidencian a gran desproporción que se dá no crecemento destas cifras poboacionais, xa que mentres a poboación total da Comunidade Autónoma medrou en termos relativos un 2,36 % de 1991 a 2009 a poboación maior de 65 anos medrou un 40,70 % neste mesmo período temporal.

As proxeccións de poboación en Galicia evidencian, nesta mesma liña, que o colectivo poboacional composto polas persoas maiores de 65 anos lonxe de perder importancia seguirá incrementando o seu peso relativo con respecto ás cifras totais de poboación da Comunidade.

Concretamente, considerando un escenario medio, e tal e como se pode observar na seguinte táboa, a cifra de poboación maior de 65 anos acadará as 649.856 persoas en 2015, o que suporá o 23,57% do total da poboación galega proxectada para ese ano. En 2020 estímase que o colectivo composto polas persoas de 65 e máis anos estea formado por un total de 863.233 persoas, o que suporá o 31,34% da poboación total proxectada para ese ano en Galicia.

| PROXECCÍONS DE POBOACIÓN TOTAL E MAIOR DE 65 ANOS EN GALICIA |                               |                                          |                                                                                   |
|--------------------------------------------------------------|-------------------------------|------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|
|                                                              | PROXECCIÓN DA POBOACIÓN TOTAL | PROXECCIÓN DA POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS | PESO RELATIVO DA POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS SOBRE O TOTAL DA POBOACIÓN PROXECTADA |
| 2015                                                         | 2.757.173                     | 649.856                                  | 23,57%                                                                            |
| 2020                                                         | 2.754.184                     | 863.233                                  | 31,34%                                                                            |

Elaboración propia a partir de datos dispoñibles no IGE: Proxección da poboación de Galicia 2002- 2051

Máis alá das particularidades demográficas xa descritas é importante considerar os factores socioeconómicos que caracterizan ao colectivo social composto polas persoas maiores de 65 anos na nosa Comunidade Autónoma de cara a obter un perfil fidedigno deste sector poboacional.

Neste senso, e atendendo a factores como as modalidades de convivencia, é importante sinalar que, tal e como se observa na seguinte táboa, en Galicia hai 419.482 fogares nos que viven persoas de 65 ou máis anos, dos cales, en 156.629 fogares, viven dúas ou máis persoas maiores de 65 anos.

Considerando estas cifras en termos relativos podemos afirmar que, do total de fogares galegos, nun 41,86% deles reside algunha persoa maior de 65 anos, o que implica que en 4 de cada 10 fogares galegos vive algunha persoa maior de 65 anos. Ademais, do 41,86% total de fogares nos que viven persoas maiores de 65 anos, o 26,21% correspóndese con fogares nos que reside unha persoa maior de 65 anos e o restante 15,65% con fogares nos que residen dúas ou máis persoas maiores de 65 anos.

| FOGARES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS DE 65 OU MÁIS ANOS. GALICIA E PROVINCIAS |                                                           |                                                                     |                                                              |                                                                                   |                                                                                             |                                                                                      |
|------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                              | VALORES ABSOLUTOS                                         |                                                                     |                                                              | VALORES RELATIVOS                                                                 |                                                                                             |                                                                                      |
|                                                                              | Nº DE FOGARES NOS QUE VIVE UNHA PERSOA DE 65 OU MÁIS ANOS | Nº DE FOGARES NOS QUE VIVEN DÚAS OU MÁIS PERSOAS DE 65 OU MÁIS ANOS | Nº TOTAL DE FOGARES NOS QUE VIVEN PERSOAS DE 65 OU MÁIS ANOS | % DE FOGARES NOS QUE VIVE UNHA PERSOA DE 65 OU MÁIS ANOS SOBRE O TOTAL DE FOGARES | % DE FOGARES NOS QUE VIVEN DÚAS PERSOAS OU MÁIS DE 65 OU MÁIS ANOS SOBRE O TOTAL DE FOGARES | % TOTAL DE FOGARES NOS QUE VIVEN PERSOAS DE 65 OU MÁIS ANOS SOBRE O TOTAL DE FOGARES |
| <b>GALICIA</b>                                                               | <b>262.853</b>                                            | <b>156.629</b>                                                      | <b>419.482</b>                                               | <b>26,21%</b>                                                                     | <b>15,65%</b>                                                                               | <b>41,86%</b>                                                                        |
| A CORUÑA                                                                     | 99.031                                                    | 63.427                                                              | 162.458                                                      | 24,16%                                                                            | 15,47%                                                                                      | 39,63%                                                                               |
| LUGO                                                                         | 41.093                                                    | 25.981                                                              | 67.074                                                       | 30,98%                                                                            | 19,59%                                                                                      | 50,57%                                                                               |
| OURENSE                                                                      | 43.722                                                    | 23.888                                                              | 67.610                                                       | 32,43%                                                                            | 17,72%                                                                                      | 52,15%                                                                               |
| PONTEVEDRA                                                                   | 79.007                                                    | 43.333                                                              | 122.340                                                      | 24,27%                                                                            | 13,31%                                                                                      | 37,58%                                                                               |

Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE: Enquisa de condicións de vida das familias. Edición 2008.

A nivel provincial obsérvase que a provincia na que hai máis fogares, en termos absolutos, nos que residen persoas maiores de 65 anos é a provincia da Coruña, sendo a provincia de Ourense a que presenta en menor contía absoluta esta circunstancia. En termos relativos a situación é diversa. Concretamente a provincia con maior porcentaxe de fogares nos que residen persoas de 65 ou máis anos sobre o total de fogares da provincia é a provincia de Ourense na que nun 52, 15% de fogares habita como mínimo unha persoa maior de 65 anos, sendo a provincia de Pontevedra a que, cun 37,58% do total, presenta unha menor porcentaxe de fogares nos que vive, como mínimo, unha persoa maior de 65 anos.

Máis detalladamente, e considerando os datos recollidos na táboa seguinte, dos 419.482 fogares galegos nos que viven persoas con máis de 65 anos, nun total de 202.705 fogares todos os membros son maiores de 65 anos. En termos porcentuais as cifras recollidas implican que no 20,21% do total de fogares galegos todos os membros teñen 65 ou máis anos. A táboa tamén evidencia que nestes fogares nos que todos os membros son maiores de 65 anos residen un total de 298.788 persoas maiores de 65 anos, o 51,19 % do total de persoas maiores de 65 anos residentes en Galicia.

| FOGARES CON TODOS OS MEMBROS MAIORES DE 65 ANOS E PERSOAS QUE RESIDEN EN FOGARES CON TODOS OS MEMBROS MAIORES DE 65 ANOS. GALICIA E PROVINCIAS. VALORES ABSOLUTOS E RELATIVOS. |                                                               |                                                                                       |                                                                                               |                                                                                                                    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                                                                                                | FOGARES CON TODOS OS MEMBROS MAIORES DE 65 ANOS               |                                                                                       | PERSOAS QUE RESIDEN EN FOGARES CON TODOS OS MEMBROS MAIORES DE 65 ANOS                        |                                                                                                                    |
|                                                                                                                                                                                | Nº DE FOGARES NOS QUE TODOS OS MEMBROS SON MAIORES DE 65 ANOS | % DE FOGARES NOS QUE TODOS OS MEMBROS SON MAIORES DE 65 ANOS SOBRE O TOTAL DE FOGARES | Nº DE PERSOAS DE 65 OU MÁIS ANOS QUE VIVEN EN FOGARES CON TODOS OS MEMBROS MAIORES DE 65 ANOS | % DE PERSOAS MAIORES QUE VIVEN EN FOGARES CON TODOS OS MEMBROS MAIORES DE 65 ANOS SOBRE O TOTAL DE PERSOAS MAIORES |
| <b>GALICIA</b>                                                                                                                                                                 | <b>202.705</b>                                                | <b>20,21%</b>                                                                         | <b>298.788</b>                                                                                | <b>51,19%</b>                                                                                                      |
| <b>A CORUÑA</b>                                                                                                                                                                | 73.988                                                        | 18,05%                                                                                | 111.670                                                                                       | 48,67%                                                                                                             |
| <b>LUGO</b>                                                                                                                                                                    | 34.299                                                        | 25,86%                                                                                | 50.712                                                                                        | 53,60%                                                                                                             |
| <b>OURENSE</b>                                                                                                                                                                 | 40.463                                                        | 30,02%                                                                                | 58.468                                                                                        | 63,26%                                                                                                             |
| <b>PONTEVEDRA</b>                                                                                                                                                              | 53.954                                                        | 16,58%                                                                                | 77.938                                                                                        | 46,61%                                                                                                             |

Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE: Enquisa de condicións de vida das familias. Edición 2008.

| FOGARES UNIPERSOAIS COMPOSTOS POR PERSOAS DE 65 OU MÁIS ANOS. GALICIA |
|-----------------------------------------------------------------------|
| 110.941                                                               |

Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE: Enquisa de condicións de vida das familias. Edición 2008.


A nivel provincial apréciase que a provincia da Coruña, cun total de 73.988 fogares nos que todas as persoas residentes neles teñen máis de 65 anos, é na provincia na que hai máis fogares en termos absolutos nos que todos os seus residentes son maiores de 65 anos, sendo a provincia de Lugo na que, cun total de 34.299 fogares nos que todas as persoas son maiores de 65 anos, menos fogares presentan esta característica. Igualmente, A Coruña é a provincia na que, en termos absolutos, máis persoas de 65 anos viven en fogares nos que todos os seus membros son maiores de 65 anos, sendo tamén a provincia de Lugo o espazo territorial no que menos persoas maiores de 65 anos se caracterizan por presentar esta circunstancia.

En termos relativos a provincia galega que presenta unha maior incidencia de fogares nos que todos os membros son maiores de 65 anos é a provincia de Ourense na que, do total de fogares da provincia, nun 30,02% todos os membros son maiores de 65 anos. No extremo oposto sitúase a provincia de Pontevedra que é, en termos relativos, a provincia galega que presenta unha menor incidencia de fogares nos que todos os seus membros son maiores de 65 anos e na que, do total de fogares da provincia, un 16,58 % están compostos na súa totalidade por persoas maiores de 65 anos de idade. Nestas provincias a porcentaxe respectiva de persoas maiores de 65 anos que viven en fogares nos que todos os membros teñen máis de 56 anos é do 63,26% e do 46,61%.

Afondando máis nas modalidades de convivencia das persoas maiores en Galicia obsérvase que do total de fogares existentes na nosa Comunidade nos que todas as persoas que residen neles son maiores de 65 anos, isto é un total de 202.705 domicilios, 110.941 correspóndese con fogares unipersoais. É dicir o 54,73% de fogares galegos nos que todos os seus son maiores de 65 anos son fogares unipersoais, polo tanto en Galicia hai un total de 110.941 persoas maiores de 65 anos que viven soas.

En canto ás características socioeconómicas propias do colectivo das persoas maiores en Galicia os datos dispoñibles evidencian que a estrutura dos ingresos das persoas maiores de 65 anos en Galicia presenta as seguintes particularidades: case a práctica totalidade das persoas maiores en Galicia, concretamente o 94,60% do total, recibe os seus ingresos en forma de prestacións. As persoas que teñen as súas fontes de ingresos en traballos por conta allea ou propia e rendas e outros ingresos representan soamente o 5,4% do total das persoas maiores en Galicia. Dentro deste 5,4% un 1,16% das persoas maiores de 65 anos galegas teñen as súas fontes de ingresos en traballos por conta allea, un 1,11% en traballos por conta propia e un 3,13% en rendas e outro tipo de ingresos.

## ESTRUTURA DOS INGRESOS DA POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS EN GALICIA




Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE: Enquisa de condicións de vida das familias. Edición 2008.

Dentro dos ingresos recibidos a través de prestacións obsérvanse dúas grans tipoloxías de prestacións a percibir polas persoas maiores, as pensións contributivas e as pensións non contributivas da Seguridade Social.

En canto ás pensións de tipo contributivo é importante sinalar que, tal e como se reflicte na seguinte táboa, en Galicia un total de 569.933 persoas maiores de 65 anos reciben algún tipo de pensión contributiva da Seguridade Social. Destas 569.933 persoas, 244.684, o 42,93%, son homes e 325.249, o 57,06%, son mulleres.


## NÚMERO DE PERSOAS PERCEPTORAS DE PENSÍONS CONTRIBUTIVAS EN GALICIA SEGUNDO O SEXO E A IDADE



Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE relativos a 31 de decembro de 2008

En canto ao importe medio das pensións contributivas da Seguridade Social recibidas polas persoas maiores de 65 anos en Galicia este sitúase nos 588,60 euros.

**IMPORTE MEDIO DAS PENSÍONS CONTRIBUTIVAS EN GALICIA SEGUNDO O SEXO E A IDADE DAS PERSOAS PERCEPTORAS**




Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE relativos a 31 de decembro de 2008

Da análise dos datos dispoñibles segundo o tramo de idade e o sexo da persoa que recibe a pensión extraéanse dúas grans conclusións. A primeira delas é que, tanto no caso dos homes coma no das mulleres, o importe medio da pensión ten unha relación inversamente proporcional á idade da persoa que a recibe, isto é, a medida que a idade das persoas que reciben as pensións é maior o importe da prestación diminúe. A segunda conclusión que se pode extraer é que existen profundas diferenzas entre a pensión contributiva media cobrada por homes e a pensión contributiva media cobrada por mulleres. Concretamente a pensión contributiva media percibida polos homes maiores de 65 anos en Galicia sitúase nos 739,61 euros, mentres que a pensión contributiva media percibida polas mulleres maiores de 65 anos en Galicia 474,99 euros. Isto supón que os homes maiores de 65 anos cobran pensións contributivas que, como media, son 264,62 euros maiores cás das mulleres.

En canto ás pensións non contributivas da Seguridade Social é destacable sinalar que en Galicia un total de 30.674 persoas maiores de 65 anos reciben pensións non contributivas de xubilación. Destas 30.674 persoas, 24.321, o 79,29% do total, son mulleres, mentres que 6.353 persoas, o 20,71% do total, son homes.

Considerando que a contía máxima para o ano 2010 das prestacións non contributivas de xubilación é de 339,70 euros e tendo en conta, igualmente, os datos recollidos no gráfico anterior, pódese afirmar que a situación económica das mulleres maiores galegas é sensiblemente máis precaria cás dos homes. Esta situación de maior precariedade é debida a factores como o desenvolvemento de traballos do fogar non profesionais, e polo tanto non contributivos, ao menor período de cotización á Seguridade Social realizado debido ao abandono da actividade profesional para dedicarse ao coidado da familia ou ao desenvolvemento de traballos menos cualificados, e polo tanto cunhas bases de cotización máis baixas. Todos estes factores incidiron decididamente na situación actual das mulleres maiores galegas caracterizada por percibir, en relación aos homes, en maior medida pensións non contributivas, e a percepción, na modalidade contributiva, de pensións cun importe medio inferior.

#### NÚMERO DE PERSOAS PERCEPTORAS DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS EN GALICIA SEGUNDO O SEXO E A IDADE



Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE correspondentes a decembro de 2008

Analizando os tres gráficos anteriores de xeito conxunto obsérvase que a maior parte das persoas maiores de 65 anos en Galicia, perciben pensións de tipo contributivo, sendo minoría as persoas maiores de 65 anos que perciben ingresos provenientes de pensións non contributivas. Nomeadamente, das 600.607 persoas que perciben ingresos procedentes de prestacións contributivas e non contributivas (569.933 + 30.674) un 94,89% reciben prestacións de tipo contributivo e só un 5,11% reciben prestacións de tipo non contributivo.

Considerando a situación socioeconómica das persoas maiores en Galicia en termos de niveis de ingresos podemos observar que o nivel de ingresos medios mensuais dos fogares nos que o sustentador ou sustentadora principal é maior de 65 anos é manifestamente inferior có nivel medio de ingresos mensuais do conxunto dos fogares galegos. Concretamente o nivel medio de ingresos mensuais dos fogares nos que o sustentador ou sustentadora principal ten máis de 65 anos é un 39,84% inferior con respecto ao nivel medio de ingresos mensuais dos fogares galegos. En termos absolutos o ingreso medio mensual dos fogares nos que o sustentador ou sustentadora principal ten máis de 65 anos é 808 euros menor có ingreso medio mensual dos fogares en Galicia, xa que mentres o primeiro acada os 1.218 euros o segundo supera os 2.000 euros situándose nos 2.026 euros.

| INGRESO MEDIO MENSUAL DOS FOGARES E MEDIA DE INGRESOS MENSUAIS DOS FOGARES NOS QUE O SUSTENTADOR PRINCIPAL TEN 65 OU MÁIS ANOS. GALICIA |                                                                                       |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
| INGRESO MEDIO MENSUAL DOS FOGARES                                                                                                       | INGRESO MEDIO MENSUAL DOS FOGARES NOS QUE O SUSTENTADOR PRINCIPAL TEN 65 OU MÁIS ANOS |
| 2.026                                                                                                                                   | 1.218                                                                                 |


Elaboración propia a partir de datos dispoñibles no IGE: Enquisa de condicións de vida das familias. Edición 2008.

Afondando máis nos niveis de ingresos dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos obsérvase que a maior porcentaxe de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos se sitúa no rango de ingresos entre os 600,01 euros e 1.000

euros mensuais. Neste rango atópanse o 37,24% dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos en Galicia. O rango de ingresos de 1.000,01 a 1.500 euros é o que presenta a segunda maior incidencia, concretamente, o 26,36% dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos teñen ingresos mensuais situados entre os 1.000,01 e 1.500 euros. Os fogares compostos por persoas maiores de 65 anos que reciben ingresos mensuais entre 400,01 euros e 600 euros representan o 19,92% do total.

Analizando os datos da táboa anterior por grans tramos de ingresos ponse de manifesto que a maior parte dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos, concretamente o 60,54%, reciben ingresos que se atopan entre os 0 e os 1.000 euros mensuais e o 39,46% reciben ingresos que superan os 1.000, 01 euros mensuais.

#### NIVEIS DE INGRESOS DOS FOGARES COMPOSTOS POR PERSOAS DE 65 OU MÁIS ANOS



Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE: Enquisa de condicións de vida das familias. Edición 2008.

Se consideramos os datos relativos aos niveis de ingresos en termos de taxa de risco de pobreza a situación das persoas galegas maiores de 65 anos que residen en fogares nos que todos os membros teñen máis de 65 anos caracterízase por ser a seguinte: o 29,90% das persoas maiores que residen en fogares nos que todos os membros son maiores de 65 anos en Galicia, isto é un total de 89.337 persoas, atópanse nunha situación de risco de pobreza.

A nivel provincial as cifras en termos relativos deixan patente que a provincia que presenta unha maior porcentaxe de persoas que viven en fogares con todos os membros de 65 ou máis anos cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza é a provincia de Pontevedra, na que o 30,75%, das persoas maiores de 65 anos que viven en fogares nos que todos os seus membros son maiores de 65 anos, un total de 23.965 persoas, se atopan baixo o limiar de pobreza.


| TAXA DE RISCO DE POBREZA DAS PERSOAS QUE VIVEN EN FOGARES CON TODOS OS MEMBROS DE 65 OU MÁIS ANOS |                                                                                        |                                                                                                                                                  |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                   | % DE PERSOAS CUN INGRESO EQUIVALENTE INFERIOR AO LIMIAR DE RISCO DE POBREZA DE GALICIA | Nº DE PERSOAS MAIORES QUE RESIDEN EN FOGARES NOS QUE TODOS OS SEUS MEMBROS TEÑEN MÁIS DE 65 ANOS CON INGRESOS BAIXO O LIMIAR DE RISCO DE POBREZA |
| <b>GALICIA</b>                                                                                    | <b>29,90</b>                                                                           | <b>89.337</b>                                                                                                                                    |
| <b>A CORUÑA</b>                                                                                   | <b>30,37</b>                                                                           | <b>33.914</b>                                                                                                                                    |
| <b>LUGO</b>                                                                                       | <b>27,05</b>                                                                           | <b>13.717</b>                                                                                                                                    |
| <b>OURENSE</b>                                                                                    | <b>30,31</b>                                                                           | <b>17.721</b>                                                                                                                                    |
| <b>PONTEVEDRA</b>                                                                                 | <b>30,75</b>                                                                           | <b>23.965</b>                                                                                                                                    |

Elaboración propia a partir de datos dispoñibles no IGE: Enquisa de condicións de vida das familias. Edición 2008.

En termos absolutos a provincia galega con máis persoas maiores de 65 anos que residen en fogares nos que todos os membros son maiores en situación de risco de pobreza é a provincia da Coruña na que un total de 33.914 persoas maiores que residen en fogares en que todas as persoas son maiores de 65 anos viven con ingresos que se sitúan por debaixo do limiar de pobreza de Galicia.

Esta taxa de risco de pobreza agudízase cando se consideran os fogares de tipo unipersoal nos que a situación se caracteriza por ser a que se recolle no seguinte gráfico.

### TAXA DE RISCO DE POBREZA DAS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS QUE VIVEN EN FOGARES UNIPERSOAIS



Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE: Enquisa de condicións de vida das familias. Edición 2008.

A porcentaxe de persoas maiores de 65 anos na nosa Comunidade Autónoma que viven soas con ingresos inferiores ao limiar de risco de pobreza en Galicia é do 42,10%, 12,2 puntos porcentuais por riba da porcentaxe de persoas maiores de 65 anos en risco de pobreza que residen no conxunto de fogares compostos integramente por persoas maiores en Galicia. A nivel provincial a provincia galega na que se presenta unha maior incidencia de persoas maiores de 65 anos residentes en fogares unipersoais cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza en Galicia é a provincia de Lugo na que o 44,30% das persoas maiores que viven soas se atopan en situación de risco de pobreza.

Analizando os datos por sexo tamén evidencian importantes diferenzas entre os homes e as mulleres na taxa de risco de pobreza. Concretamente, mentres que a porcentaxe de homes que viven sos e que teñen un ingreso inferior ao limiar de risco de pobreza é do 31,91% a nivel galego, a porcentaxe de mulleres que viven soas e que teñen un ingreso inferior ao limiar de risco de pobreza é do 45,69 %. É dicir, a taxa de risco de pobreza en mulleres maiores de 65 anos que viven soas no conxunto do territorio da Comunidade Autónoma é 13,78 puntos porcentuais

maior cá taxa de risco de pobreza dos homes maiores de 65 anos que viven sos en Galicia.

Esta diferenza entre homes e mulleres agudízase no caso dalgunhas provincias como a de Ourense e A Coruña na que as taxas de risco de pobreza son, respectivamente, 18,58 e 15,83 puntos porcentuais maiores no caso das mulleres ca no caso dos homes maiores de 65 anos que viven soas ou sos. Na única unidade territorial provincial na que a situación é a inversa é Lugo onde a taxa de risco de pobreza dos homes maiores de 65 anos que viven sos é 0,69 puntos porcentuais superior á taxa de pobreza das mulleres maiores de 65 anos que residen en fogares unipersoais.

Por outra banda, cando se analiza o perfil das persoas maiores, e cando se pretende que esta análise sirva como ferramenta útil no proceso de planificación do conxunto de medidas destinadas a proporcionar unha atención integral a este colectivo, é importante considerar cuestións relativas ás limitacións que no grao de autonomía persoal provoca, en moitos casos, o avance da idade.

Neste sentido é importante sinalar que en Galicia hai un total de 95.506 persoas maiores de 65 anos con algún tipo de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, o que supón un 46,12% do total da poboación galega con algún tipo de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.

| POBOACIÓN TOTAL E POBOACIÓN MAIOR DE 65 ANOS CON ALGÚN TIPO DE DISCAPACIDADE RECOÑECIDA IGUAL OU SUPERIOR AO 33%. GALICIA |                                                                                                      |                                                                                                                                           |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Nº TOTAL DE PERSOAS CON ALGÚN TIPO DE DISCAPACIDADE RECOÑECIDA IGUAL OU SUPERIOR AO 33%                                   | Nº DE PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS CON ALGÚN TIPO DE DISCAPACIDADE RECOÑECIDA IGUAL OU SUPERIOR AO 33% | % DE PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS CON DISCAPACIDADE SOBRE O TOTAL DE POBOACIÓN GALEGA CON DISCAPACIDADE RECOÑECIDA IGUAL OU SUPERIOR AO 33% |
| 207.073                                                                                                                   | 95.506                                                                                               | 46,12                                                                                                                                     |

Elaboración propia a partir de datos dispoñibles no IGE: relativos a decembro de 2009

No aspecto relativo ao grao de limitación da autonomía persoal é destacable sinalar que en Galicia, do total da poboación da Comunidade Autónoma, un 3,72% presenta algún tipo de grao de dependencia.

Analizando a incidencia da dependencia na poboación maior de 65 anos en Galicia, é importante destacar que o sector de persoas maiores con dependencia representa unicamente arredor do 13% do total do colectivo e iso, aínda sendo conscientes de que haberá moitas persoas maiores que contan con importantes limitacións pero aínda nos están recoñecidas como tales, podemos dicir que na nosa Comunidade hai máis dun 50% de persoas maiores cun alto grao de autonomía<sup>1</sup>. Evidénciase igualmente, analizando a incidencia da dependencia na poboación maior de 65 anos, un salto cuantitativo destacado nos tramos de idade compostos por persoas de entre 65 e 74 anos e por persoas de 75 anos de idade en diante.

No primeiro grupo, composto por persoas con idades comprendidas entre os 65 e os 74 anos, hai un total de 16.048 persoas con algún tipo de dependencia, o que supón que do total da poboación galega con idades comprendidas entre os 65 e 74 anos un 5,53% ten algún tipo de dependencia. No segundo grupo, composto por persoas con idades iguais ou superiores ao 75 ou máis anos, a incidencia da dependencia é moi superior acadando o 21,96% do total das persoas maiores de 75 anos en Galicia o que supón que un total de 63.746 persoas maiores de 75 anos presentan algún tipo de limitación no seu grao de autonomía persoal.


| INCIDENCIA DA DEPENDENCIA |                                                   |                                               |
|---------------------------|---------------------------------------------------|-----------------------------------------------|
|                           | Nº DE PERSOAS CON<br>ALGÚN TIPO DE<br>DEPENDENCIA | % DE PERSOAS CON ALGÚN<br>TIPO DE DEPENDENCIA |
| TOTAL GALICIA             | 100.860                                           | 3,72                                          |
| PERSOAS DE 65 A 74 ANOS   | 16.048                                            | 5,53                                          |
| PERSOAS 75 OU MÁIS ANOS   | 63.746                                            | 21,96                                         |

Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE: Enquisa de condicións de vida das familias. Edición 2008.

<sup>1</sup> Entendendo por colectivo de persoas maiores autónomas o composto polas persoas maiores de 65 anos que non teñen ningún grao de dependencia. recoñecido


Atendendo ao grao de dependencia que presentan as persoas maiores de 65 anos en Galicia os datos dispoñibles son os que se recollen nos seguintes gráficos.

#### INCIDENCIA DA DEPENDENCIA NAS PERSOAS CON IDADES COMPRENDIDAS ENTRE OS 65 E OS 74 ANOS. GALICIA




Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE: Enquisa de condicións de vida das familias. Edición 2008.

#### INCIDENCIA DA DEPENDENCIA NAS PERSOAS CON 75 E MÁIS ANOS. GALICIA



Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE: Enquisa de condicións de vida das familias. Edición 2008.

## COMPARATIVA DA INCIDENCIA DA DEPENDENCIA EN PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS POR TRAMOS DE IDADE. GALICIA TERMOS ABSOLUTOS



Elaboración propia a partir de datos disponibles no IGE: Enquisa de condicións de vida das familias. Edición 2008.

No tramo de idade comprendido entre os 65 e 74 anos o 56,32% das persoas que presentan algún tipo de dependencia teñen un grao de dependencia moderada (9.039 persoas en termos absolutos), o 28,47% un grao de dependencia severa (4.569 persoas en termos absolutos), e un 15,21% (2.440 persoas en termos absolutos), presentan unha gran dependencia.

En canto ao tramo de idade conformado polas persoas de 75 ou máis anos é importante sinalar que a porcentaxe de persoas maiores de 75 anos dependentes que presentan un grao de dependencia moderada se sitúa no 42,13% (26.858 persoas en termos absolutos), sendo, polo tanto, moi inferior á porcentaxe de persoas con dependencia moderada con idades comprendidas entre os 65 e 74 anos. Esta menor porcentaxe de persoas con dependencia moderada compénsase, fundamentalmente, coa maior cantidade de persoas de máis de 75 anos cunha gran dependencia. Neste caso a porcentaxe de persoas de 75 ou máis anos grans dependentes é dun 32,05% (20.433 persoas en termos absolutos), 18,84 puntos porcentuais superior á porcentaxe de persoas de entre 65 e 74 anos dependentes cun grao de dependencia clasificado como gran dependencia. Polo que se pode deducir, en termos xerais, que o grao de dependencia medra a medida que se incrementa a idade da persoa que a padece.

## 3.2. PERFIL 2: AS/OS PROFESIONAIS

A consecución dun alto grao de benestar das persoas maiores require do esforzo diario dun amplo grupo de entidades e persoas que, desde diversos ámbitos sectoriais, materiais e territoriais, desenvolven servizos e poñen en marcha recursos para a atención das súas diversas necesidades e demandas. Nos seguintes cadros recóllese, a xeito de guía informativa e instrumento práctico, unha sucinta referencia a algunhas das entidades que desenvolven un traballo destacado de prestación de servizos e posta en marcha e mantemento de recursos, equipamentos e programas no ámbito da atención ás necesidades das persoas maiores, así como a aqueles colectivos profesionais que día a día colaboran, a través da prestación dos seus servizos, na mellora da calidade de vida deste colectivo social.

| PRINCIPAIS ENTIDADES PÚBLICAS COMPETENTES NO ÁMBITO DA ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES                                    |                                                                                                      |                                        |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------|
| ÁMBITO AUTONÓMICO                                                                                                     |                                                                                                      |                                        |
| ENTIDADE                                                                                                              | ENDEREZO                                                                                             | TELÉFONOS DE CONTACTO                  |
| <b>CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA</b>                                                         | SERVIZOS CENTRAIS: Edificio Administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela             | Tlf. Información Xunta de Galicia: 012 |
|                                                                                                                       | DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CORUÑA: R/ Enrique Mariñas, s/n (Edf. Proa) - Matogran - 15009 A Coruña. |                                        |
|                                                                                                                       | DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO: Ronda da Muralla, 70 - 27071 Lugo.                                 |                                        |
|                                                                                                                       | DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE: Avda. da Habana, 79 - 32004 Ourense                             | Teléfono Social: 900 333 666           |
|                                                                                                                       | DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE VIGO: R/ Concepción Arenal, 8 - 36201 Vigo                               |                                        |
| <b>AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS</b>                                                                             | Rúa Amor Ruibal nº 30- 32 baixo - 15702 Santiago de Compostela                                       | 981 568 705                            |
| <b>FUNDACIÓN GALEGA PARA O IMPULSO DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA (FUNGA)</b> | Rúa Salgueiriños de Abaixo 15b- baixo- 15703 Santiago de Compostela                                  | 881 999 146                            |

## PRINCIPAIS ENTIDADES PÚBLICAS COMPETENTES NO ÁMBITO DA ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES

### ÁMBITO ESTATAL

| ENTIDADE                                        | ENDEREZO                                                                                                            | TELÉFONOS DE CONTACTO                                     |
|-------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| <b>MINISTERIO DE SANIDADE E POLÍTICA SOCIAL</b> | SERVIZOS CENTRAIS: Paseo del Prado 18-20, E-28071, Madrid                                                           | 915 961 000                                               |
|                                                 | INSTITUTO DE MAIORES E POLÍTICA SOCIAL (IMSERSO): Avda. Ilustración s/n c/v a c/Xinzo de Limia, 58, E-28029, Madrid | 913 638 888                                               |
| <b>MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN</b>      | SERVIZOS CENTRAIS MINISTERIO: R/ Agustín de Bethencourt 4, 28003, Madrid                                            | 913 631 202/7/8/9/10                                      |
|                                                 | INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL (INSS), SERVIZOS CENTRAIS: R/ Padre Damián, 4-6, 28036 Madrid               | 915 688 300 / 900 166 565 (Pensións e outras prestacións) |
|                                                 | INSS, DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA: Ronda Camilo José Cela 16, 15009, A Coruña                                   | 881 909 300                                               |
|                                                 | INSS, DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LUGO: Ronda Músico Xosé Castiñeira, 26, 27002, Lugo                                  | 982 293 300                                               |
|                                                 | INSS, DELEGACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE: R/ Concello, 1, 32003, Ourense                                              | 988 369 500                                               |
|                                                 | INSS, DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA: R/ O Grove, 4, 36209, Vigo, Pontevedra                                   | 986 249 700                                               |
|                                                 | INSTITUTO SOCIAL DA MARIÑA (ISM) SERVIZOS CENTRAIS: R/ Génova, 24 e 20, 28004, Madrid                               | 917 006 600                                               |
|                                                 | ISM, DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA: Avda. Ramón y Cajal, 2, 15006, A Coruña                                       | 881 909 800                                               |
|                                                 | ISM, DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LUGO: Carril dos Loureiros, 17, 27002, Lugo                                           | 982 223 450                                               |
|                                                 | ISM, DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 1: Avda. Orillamar, 51, 36202, Vigo, Pontevedra                            | 986 216 100                                               |
|                                                 | ISM, DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2: Avda. da Mariña, 23, 36600, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra            | 986 501 781                                               |

## PRINCIPAIS ENTIDADES PÚBLICAS COMPETENTES NO ÁMBITO DA ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES

### ÁMBITO LOCAL

| ENTIDADE                       | ENDEREZO                                                                       | TELÉFONOS DE CONTACTO                                                                |
|--------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS</b> | DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA: R/Alfárez Provisional, nº 2, 15006 A Coruña   | 981 080 300                                                                          |
|                                | DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO: R/San Marcos 8, 27001, Lugo                     | 982 260 100 / 982 260 138 (Área de Benestar Social, Igualdade, Xuventude e Sanidade) |
|                                | DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE: R/O Progreso 32, 32003, Ourense              | 988 385 100                                                                          |
|                                | DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA: Avda. Montero Ríos s/n, 36071, Pontevedra | 986 804 100                                                                          |
| <b>CONCELLOS</b>               | SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE CADA CONCELLO                                 |                                                                                      |



## CADRO PROFESIONAL RELACIONADO COA ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES

| PROFESIÓN/<br>OCUPACIÓN                                                | TITULACIÓN/FORMACIÓN<br>VINCULADA                                                                                                                           | FUNCIÓN/TAREFAS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>MÉDICA/O<br/>(ESPECIALIDADE<br/>EN XERIATRÍA)</b>                   | Licenciatura en Medicina e Cirurxía                                                                                                                         | Indicación e realización das actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde, á prevención de enfermidades e á diagnose, tratamento, terapéutica e rehabilitación das persoas doentes. Dentro da especialidade da xerontoloxía/xeriatria desenvolven actuacións preventivas, clínicas, terapéuticas e sociais que afectan especificamente ás persoas maiores.                                                                                                                                                                                                           |
| <b>XERONTÓLOGO/A</b>                                                   | Titulación e formación específica no ámbito da atención ás persoas maiores                                                                                  | Estudo e atención multidisciplinar en materia de calidade e condicións de vida das persoas maiores mediante o deseño, execución, implementación e seguimento de programas destinados á atención dos procesos asociados ao envellecemento.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| <b>ENFERMEIRA/O:<br/>ATS/DUE</b>                                       | Diplomatura Universitaria en Enfermería, Título de Auxiliar Técnico Sanitario ou equivalente                                                                | Dirección, avaliación e prestación de coidados de enfermmería orientados á promoción, mantemento e recuperación da saúde, así como a prevención de enfermidades e discapacidades.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| <b>XEROCULTOR/-A -<br/>AUXILIAR DE<br/>ENFERMERÍA EN<br/>XERIATRÍA</b> | Grao Superior de Formación Profesional de Auxiliar de Enfermería, Técnico/a de Atención Sociosanitaria, Auxiliar de Xerontoloxía e Xeriatria ou equivalente | Asistencia ás persoas maiores na realización de actividades básicas e instrumentais, tanto sociais como sanitarias, da vida cotiá que non poidan realizar por si mesmas e realización de traballos encamiñados á súa atención persoal e do seu contorno.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| <b>FISIOTERAPEUTA</b>                                                  | Diplomatura Universitaria en Fisioterapia ou equivalente                                                                                                    | Aplicación tratamentos con medios e axentes físicos dirixidos á recuperación e rehabilitación de persoas con disfuncións ou discapacidades somáticas así como á prevención destas.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| <b>OFTALMÓLOGO/<br/>A</b>                                              | Licenciatura en Medicina e Cirurxía, especialidade en Oftalmoloxía                                                                                          | Desenvolvemento de actividades preventivas para a detección de déficits da función visual e de actividades educativas dos hábitos para o mantemento da saúde visual, a realización de procedementos diagnósticos e a aplicación de tratamentos para a recuperación, mantemento e/ou mellora do sentido da visión.                                                                                                                                                                                                                                                               |
| <b>ÓPTICA/O E<br/>OPTOMETRISTA</b>                                     | Diplomatura Universitaria en Óptica e Optometría ou equivalente                                                                                             | Desenvolvemento de actividades dirixidas á detección dos defectos de refracción ocular, a través da súa medida instrumental, a utilización de técnicas de reeducación, prevención e hixiene visual e a adaptación, verificación e control de axudas ópticas.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| <b>PODÓLOGA/O</b>                                                      | Diplomatura Universitaria en Podoloxía ou equivalente                                                                                                       | Preservación, restablecemento e promoción da saúde podolóxica das persoas a través da diagnose e tratamento da alteracións, afeccións e enfermidades dos pés.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| <b>PSICÓLOGO/A</b>                                                     | Licenciatura en Psicoloxía ou equivalente                                                                                                                   | Desenvolvemento de intervencións en materia de comportamento humano, normal ou patolóxico, a nivel individual e social a través da análise da conduta das persoas e grupos sociais. No ámbito de intervención especializada con persoas maiores desenvolven tarefas de deseño, desenvolvemento e avaliación de ferramentas de intervención psicolóxica e programas de prevención, intervención e optimización a nivel individual e comunitaria destinados ás persoas maiores así como ao seu contorno familiar e social próximo.                                                |
| <b>PSICOPEDAGOGA<br/>/O</b>                                            | Licenciatura en Psicopedagogía (2º ciclo) ou equivalente                                                                                                    | Intervención especializada en relación co desenvolvemento psicolóxico e humano nas diversas situacións educativas e de aprendizaxe mediante a realización de actuacións en materia de: diagnose educativa, intervención nas necesidades educativas, orientación educativa, identificación e tratamento de dificultades de aprendizaxe e desenvolvemento persoal e social e necesidades educativas especiais, métodos de investigación en educación e a súa aplicación en problemas e dificultades de aprendizaxe e integración escolar e social en todos os ámbitos educativos. |



|                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>TRABALLADOR/-A<br/>SOCIAL</b>                                             | Diplomatura Universitaria en<br>Traballo Social e/ou Asistente<br>Social ou equivalente                                                                                                                                                 | Desenvolvemento de actuacións de información e orientación en materia de acción social a persoas, grupos e institucións, detección, estudo, valoración e/ou diagnose de necesidades e problemas sociais, posta en marcha de actividades preventivas da aparición de situacións de risco social e planificación e intervención directa en programas e proxectos de promoción, prevención, asistencia, rehabilitación e inserción social na área do benestar social con individuos, grupos e comunidades. |
| <b>EDUCADOR/-A<br/>SOCIAL</b>                                                | Diplomatura Universitaria en<br>Educación Social ou<br>equivalente                                                                                                                                                                      | Desenvolvemento de actuacións no ámbito da educación non formal, educación en persoas adultas, inserción social de persoas con dificultades e acción sociocultural e sociocomunitaria. No ámbito das persoas maiores desenvolvemento de intervencións terapéuticas educativas e socioculturais co obxectivo de previr a dependencia, acadar un envellecemento satisfactorio e unha atención de calidade ás persoas maiores e ao seu contorno social.                                                    |
| <b>TERAPEUTA<br/>OCUPACIONAL</b>                                             | Diplomatura Universitaria en<br>Terapia Ocupacional ou<br>equivalente                                                                                                                                                                   | Aplicación de técnicas e realización de actividades de carácter ocupacional destinadas a potenciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas diminuídas ou perdidas e a orientar e estimular o desenvolvemento destas.                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| <b>PERSOAL DE<br/>INTERVENCIÓN<br/>SOCIOCULTURAL</b>                         | Diplomatura Universitaria en<br>Educación Social, Grao<br>Superior en Animación<br>Sociocultural, Monitor/a<br>Sociocultural, Director/a de<br>Actividades de Tempo Libre,<br>Monitor/a de Actividades de<br>Tempo Libre ou equivalente | Organización, implementación, dinamización e avaliación de proxectos de intervención comunitaria, animación cultural e de animación do ocio e do tempo libre.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| <b>AUXILIAR DE<br/>AXUDA NO<br/>FOGAR E OUTRO<br/>PERSOAL DO<br/>SERVIZO</b> | Atención Socio sanitaria a<br>Persoas no Domicilio, Auxiliar<br>de Axuda no Fogar ou<br>equivalente                                                                                                                                     | Atención de carácter persoal ás persoas beneficiarias na realización das actividades básicas da vida diaria (coidado e hixiene persoal, réxime alimentario...), atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda (limpeza e mantemento, compra de alimentos...) e desenvolvemento de actividades de carácter psicosocial ou educativo.                                                                                                                                                       |

Ademais das entidades e profesionais referidos nos cadros anteriores é importante destacar que a atención ás necesidades das persoas maiores conta cun pilar indispensable constituído, entre outras organizacións, por un amplo número de entidades empresariais e asociativas, organizacións non gobernamentais, fundacións e obras sociais que, nos distintos niveis territoriais e materiais e mediante a posta en marcha de actividades de asesoramento, información, investigación, difusión e articulación de recursos específicos para a mellora da súa calidade de vida e benestar individual e social, desenvolven unha indiscutible labor profesionalizada de apoio, e atención ás persoas maiores e ao seu contorno familiar e comunitario.

## 4. NÚCLEOS DE ACCIÓN

Páx.52

|                                                                  |           |
|------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>4.1. Promoción de valores e protección de dereitos .....</b>  | <b>53</b> |
| <b>4.2. Envellecemento activo e participación social .....</b>   | <b>65</b> |
| <b>4.3. Prestación de servizos con eficacia e calidade .....</b> | <b>79</b> |
| <b>4.4. Cooperación transversal .....</b>                        | <b>95</b> |

## 4.1. PROMOCIÓN DE VALORES E PROTECCIÓN DE DEREITOS

A Constitución Española de 1978 recolle no seu artigo 14 que as persoas “son iguais ante a lei sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”. Do recollido neste artigo pódese deducir que a titularidade dos dereitos, e a non discriminación na súa realización efectiva, é un principio fundamental que non adquire nin perde vixencia en función da idade das persoas titulares dos mesmos.

Pero, a pesar deste recoñecemento constitucional, avalado igualmente por outras normas e documentos autonómicos, estatais e internacionais de carácter referencial, as persoas maiores seguen a sufrir, en moitas ocasións, profundas discriminacións en dous aspectos fundamentais. Un primeiro relacionado directamente co goce efectivo dos dereitos fundamentais inherentes a cada persoa, como son o dereito á dignidade ou a liberdade, e un segundo asociado fundamentalmente aos prexuízos e estereotipos sociais de tipo excluínzte vinculados ás persoas maiores. Prexuízos e estereotipos que teñen ocasionado a difusión e xeneralización dunha imaxe social do colectivo que conforman estas persoas como un colectivo uniforme cunha capacidade moi reducida de facer achegas positivas ao proceso de crecemento e desenvolvemento da sociedade. Ambos aspectos analizados agudizan os seus efectos negativos cando ao factor idade se engade o factor xénero. Neste caso as mulleres maiores sofren especialmente o efecto discriminatorio producido pola idade.

Atendendo a estas consideracións o Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 dedica o seu primeiro núcleo de acción ao deseño de ferramentas e medidas de actuación destinadas á protección e defensa dos dereitos das persoas maiores, e nomeadamente das mulleres maiores, e á creación de instrumentos que permitan superar os estereotipos sociais negativos asociados á vellez mediante a proxección dunha imaxe normalizada e revalorizada das persoas maiores como transmisoras de coñecementos útiles para o avance social da nosa comunidade.

Nesta liña de traballo o Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 establece como finalidade principal do seu primeiro núcleo a consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Mellorar a imaxe social das persoas maiores promovendo a superación dos estereotipos tradicionais vinculados ao envellecemento e fomentando a difusión e proxección dos valores positivos asociados a esta etapa da vida.

- Garantir a difusión, protección e defensa dos dereitos das persoas maiores e nomeadamente das mulleres como colectivo especialmente vulnerable ante actuacións discriminatorias.

A consecución destes obxectivos xerais realizarase mediante o establecemento dun conxunto de medidas articuladas en torno a catro obxectivos operativos. Nomeadamente, o núcleo de acción 1, **PROMOCIÓN DE VALORES E PROTECCIÓN DE DEREITOS**, ten como obxectivos operativos os seguintes:

- **OBXECTIVO OPERATIVO 1:** Difundir a vellez como unha etapa da vida na que se poden facer importantes achegas ao proceso de desenvolvemento socioeconómico da sociedade.

- **OBXECTIVO OPERATIVO 2:** Difundir os dereitos das persoas maiores.

- **OBXECTIVO OPERATIVO 3:** Mellorar os mecanismos existentes para a protección dos dereitos das persoas maiores e a prevención das situacións de risco.

- **OBXECTIVO OPERATIVO 4:** Reducir as desigualdades entre homes e mulleres e promover os principios da igualdade de xénero entre as persoas maiores.

Así mesmo, o desenvolvemento das medidas previstas dentro deste núcleo de acción basearase na priorización dos seguintes enfoques fundamentais:

- ENFOQUE ACTIVO.
- ENFOQUE TRANSVERSAL.
- ENFOQUE ACTUAL.

As medidas que se prevén para a consecución dos obxectivos que definen o núcleo de acción 1 **PROMOCIÓN DE VALORES E PROTECCIÓN DE DEREITOS** son as que se recollen a continuación.

## OBXECTIVO OPERATIVO 1

**Difundir a vellez como unha etapa da vida na que se poden facer importantes achegas ao proceso de desenvolvemento socioeconómico da sociedade.**

## MEDIDA 1

**Desenvolvemento de actuacións para a mellora da imaxe social das persoas maiores e promoción dos valores positivos asociados ao envellecemento.**

### ACTUACIÓNS:

- 1.1. Elaboración e distribución de material de sensibilización para as distintas etapas formativas facendo incidencia naquelas especialidades destinadas a formar profesionais dedicados á atención e coidado de persoas maiores.
- 1.2. Celebración de xornadas de portas abertas dirixidas a centros de ensinanza, centros que integran a Rede de Centros Sociocomunitarios de Benestar, centros residenciais de titularidade autonómica e centros de día da Axencia Galega de Servizos Sociais.
- 1.3. Desenvolvemento doutras actuacións de sensibilización, en colaboración con outras entidades públicas ou privadas.

### INDICADORES

- Cantidade de material editado.
- Número de xornadas celebradas.

### CALENDARIO

| 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|------|------|------|------|------|------|
|------|------|------|------|------|------|

### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
(Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral de Medios  
(Presidencia da Xunta de Galicia)

## MEDIDA 2

**Establecemento dun código de boas prácticas para o tratamento do envellecemento nos medios de comunicación.**

### ACTUACIÓNS:

- 2.1. Elaboración e difusión dun código de boas prácticas que inclúa recomendacións relativas ao tratamento da imaxe das persoas maiores, a linguaxe a utilizar e aos valores positivos do envellecemento.**
- 2.2. Establecemento de acordos ou convenios con medios de comunicación para a aplicación efectiva deste código na súa programación de contidos.**

#### INDICADORES

- Número de unidades distribuídas do código de boas prácticas e descargadas da páxina web.
- Número de convenios asinados.

#### CALENDARIO

2011

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Secretaría Xeral, Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral de Medios (Presidencia da Xunta de Galicia)

## MEDIDA 3

**Promoción da participación das persoas maiores nos medios de comunicación.**

### ACTUACIÓNS:

- 3.1. Establecemento de acordos con medios de comunicación para a difusión de actuacións, recursos ou servizos dirixidos a persoas maiores e a promoción da súa participación nos mesmos.**

#### INDICADORES

- Número de acordos ou convenios asinados.

#### CALENDARIO

2010 2011 2012 2013 2014 2015

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Secretaría Xeral (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral de Medios (Presidencia da Xunta de Galicia)

#### MEDIDA 4

**Desenvolvemento de accións de recoñecemento social a persoas e entidades destacadas pola súa actividade a prol das persoas maiores.**

#### ACTUACIÓNS:

**4.1. Establecemento dunha convocatoria anual de premios “Galicia Senior” para o recoñecemento a persoas e entidades destacadas polas súa contribución ao benestar das persoas maiores en ámbitos como: atención, saúde, cultura, deporte, vivenda, voluntariado, novas tecnoloxías.**

**4.2. Celebración dunha gala de entrega de premios con motivo do Día Internacional das Persoas de Idade (1 de outubro)**

#### INDICADORES

- Número e tipo de accións desenvolvidas.
- Número de aspirantes presentados.
- Número de persoas e entidades galardoadas anualmente.

#### CALENDARIO

|  | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|--|------|------|------|------|------|
|  |      |      |      |      |      |

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
(Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral de Medios  
(Presidencia da Xunta de Galicia)

## OBXECTIVO OPERATIVO 2

Difundir os dereitos das persoas maiores.

### MEDIDA 1

Desenvolvemento dun decálogo de dereitos das persoas maiores.

#### ACTUACIÓNS:

1.1. Elaboración dun decálogo de dereitos das persoas maiores.

1.2. Difusión do decálogo elaborado.

#### INDICADORES

- Existencia dun decálogo de dereitos das persoas maiores.
- Número de unidades do decálogo distribuídas.

#### CALENDARIO

2011

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
(Consellería de Traballo e Benestar)

### MEDIDA 2

Difusión da normativa de protección e atención ás persoas maiores.

#### ACTUACIÓNS:

2.1. Elaboración dunha recompilación normativa en materia de protección e atención ás persoas maiores.

2.2. Publicación e divulgación da recompilación normativa elaborada.

#### INDICADORES

- Existencia dunha recompilación normativa elaborada e editada.
- Número de exemplares distribuídos da recompilación normativa elaborada.

#### CALENDARIO

2012

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
(Consellería de Traballo e Benestar)

### OBXECTIVO OPERATIVO 3

**Mellorar os mecanismos existentes para a protección dos dereitos das persoas maiores e a prevención das situacións de risco.**

#### MEDIDA 1

**Elaboración de protocolos de actuación ante situacións de perigo que poden ter prevalencia no colectivo das persoas maiores.**

#### ACTUACIÓNS:

- 1.1. Desenvolvemento de protocolos de actuación e soportes documentais de utilización en situacións de emerxencia social, desatención, maltrato, abuso, ingreso urxente e/ou traslado involuntario.
- 1.2. Elaboración de protocolos de actuación para a integración de persoas maiores que cumpriran penas de privación de liberdade, incapacitadas xudicialmente ou incursas nun procedemento xudicial de modificación da capacidade sobre as que a Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (FUNGA) exerza algún cargo protector.
- 1.3. Difusión dos protocolos e soportes documentais elaborados e capacitación ás/aos profesionais para a súa aplicación.

| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                      | CALENDARIO |      |      |      |      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de protocolos implantados anualmente respecto dos planificados ou previstos.</li> <li>- Número de actuacións de difusión e de capacitación a profesionais realizadas.</li> </ul> |            | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 |
|                                                                                                                                                                                                                                  |            |      |      |      | 2015 |

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, FUNGA (Consellería de Traballo e Benestar)
- SERGAS (Consellería de Sanidade)
- Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Fiscalía Superior de Galicia

## MEDIDA 2

**Establecemento e difusión dun servizo de atención telefónica para a información dos deritos das persoas maiores, recepción e canalización de situacións de incumprimento detectadas polos cidadáns ou profesionais.**

### ACTUACIÓNS:

- 2.1. Posta en funcionamento dun servizo complementario do Teléfono Social para dar cobertura ás demandas de información e asesoramento sobre os dereitos das persoas maiores, á orientación sobre situacións de incumprimento e á recepción e canalización de denuncias.
- 2.2. Actualización permanente da información que se presta desde este servizo e formación continua dos seus profesionais.

| INDICADORES                                                                                                                                                                                      | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
|                                                                                                                                                                                                  |            | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| - Número de consultas atendidas anualmente.<br>- Número de denuncias recibidas anualmente.<br>- % de derivación de denuncias a servizos especializados.                                          |            |      |      |      |      |      |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal<br>(Consellería de Traballo e Benestar)<br>- Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. |            |      |      |      |      |      |

## MEDIDA 3

**Desenvolvemento de accións de información sobre aspectos derivados das situacións de incapacidade, ante medidas cautelares ou preventivas, tutela efectiva e atención persoal e patrimonial.**

### ACTUACIÓNS:

- 3.1. Desenvolvemento dunha campaña de información sobre patrimonios protexidos, poderes preventivos, consentimentos aos tratamentos, dereitos e obrigas dos/das titores/as, gardadores/as de feito, procesos e recursos dirixidos tanto ás familias como ás/aos profesionais de atención primaria e dos centros asistenciais.
- 3.2. Promoción da FUNGA como órgano de protección xurídica e social das persoas maiores incapacitadas legalmente en situación de desamparo baixo a tutela da Xunta de Galicia.
- 3.3. Elaboración e difusión de material informativo en relación a procedementos concretos de tipo civil (incapacitación, tutela, medidas de autotutela, curatela, defensa xudicial, sucesión, testamento, herdanza, documento de instrucións previas ...).

| INDICADORES                                                                                                                                                                    | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
|                                                                                                                                                                                |            | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, FUNGA (Consellería de Traballo e Benestar)</li> </ul> |            |      |      |      |      |      |

|                                                                                                                                                                      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>OBXECTIVO OPERATIVO 4</b><br><br><b>Reducir as desigualdades entre homes e mulleres e promover os principios da igualdade de xénero entre as persoas maiores.</b> |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

| <b>MEDIDA 1</b><br><br><b>Realización e difusión de estudos relacionados co xénero e as persoas maiores.</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |            |      |      |      |  |  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|--|--|
| <b>ACTUACIÓNS:</b><br><br><b>1.1. Desenvolvemento dun estudo sobre a prevalencia da violencia de xénero entre persoas maiores.</b><br><br><b>1.2. Desenvolvemento dun estudo sobre a situación das mulleres maiores que achegue información sobre a súa realidade socioeconómica en cuestións como niveis e fontes de ingresos, modalidades de convivencia, corresponsabilidade e distribución de tempos, participación social ou atención a persoas do contorno familiar (nenas/os, persoas dependentes...).</b> |            |      |      |      |  |  |
| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | CALENDARIO |      |      |      |  |  |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |            | 2011 | 2012 | 2013 |  |  |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Secretaría Xeral da Igualdade (Presidencia da Xunta de Galicia)</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |            |      |      |      |  |  |

## MEDIDA 2

### Promoción dos principios da igualdade de xénero e corresponsabilidade entre as persoas maiores.

#### ACTUACIÓNS:

2.1. Desenvolvemento de accións de sensibilización para a promoción dos principios da igualdade de xénero que fagan fincapé na distribución equitativa das cargas de traballo do fogar entre mulleres e homes.

2.2. Desenvolvemento de obradoiros para a adquisición de competencias na realización das tarefas do fogar.

2.3. Desenvolvemento de obradoiros para a visibilización e posta en valor do papel desempeñado polas mulleres maiores, especialmente no ámbito rural, na realización das tarefas de atención a persoas dependentes.

2.4. Desenvolvemento de obradoiros destinados á formación das persoas maiores no seu papel de persoas coidadoras dos/das seus/súas netos e netas, co obxectivo de facilitarlles as ferramentas necesarias para a difusión de valores que fomenten a igualdade entre nenos e nenas evitando a transmisión de estereotipos sexistas.

#### INDICADORES

- Número de obradoiros realizados de cada unha das tipoloxías previstas.
- Número persoas participantes en cada un deles desagregadas por sexo e idade.

#### CALENDARIO

| 2011 | 2012 | 2013 | 2014 |
|------|------|------|------|
|      |      |      |      |

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Secretaría Xeral da Igualdade (Presidencia da Xunta de Galicia)

## MEDIDA 3

### Promoción do acceso das mulleres maiores vítimas de violencia de xénero a recursos destinados á atención a persoas maiores.

#### ACTUACIÓNS:

3.1. Mantemento como criterio de valoración para o acceso aos servizos públicos e outros recursos destinados á atención ás persoas maiores a acreditación de ser vítima de violencia de xénero.

#### INDICADORES

- Número de mulleres vítimas de violencia de xénero que accederon a servizos e recursos.

#### CALENDARIO

| 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|------|------|------|------|------|------|
|      |      |      |      |      |      |

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Secretaría Xeral da Igualdade (Presidencia da Xunta de Galicia)

#### MEDIDA 4

##### Fomento da participación e empoderamento das mulleres maiores.

##### ACTUACIÓNS:

4.1. Desenvolvemento dun programa de actividades para mulleres (ADIANTE) destinado a dinamizar o movemento asociativo feminino e contribuír así á mellora da calidade de vida das mulleres maiores galegas, promovendo o coñecemento e a súa participación nos diferentes ámbitos.

| INDICADORES                                                                                         | CALENDARIO |      |  |  |  |  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|--|--|--|--|
| - Número de mulleres participantes nas actividades do programa.                                     |            | 2011 |  |  |  |  |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Secretaría Xeral da Igualdade<br>(Presidencia da Xunta de Galicia) |            |      |  |  |  |  |

#### MEDIDA 5

##### Promoción do acceso a pensións contributivas ás mulleres maiores que realicen actividades de marisqueo.

##### ACTUACIÓNS:

5.1. Axudas para a cotización a mariscadoras que sexan maiores de 65 anos e non teñan cotizados 15 anos de cara a promover o seu acceso a pensións contributivas.

| INDICADORES                                         | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|-----------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| - Número de mulleres maiores acollidas ás axudas.   | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Consellería do Mar |            |      |      |      |      |      |

## 4.2. ENVELLECIMIENTO ACTIVO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

O “envellecemento activo” pode considerarse un concepto relativamente novo. Foi a finais dos anos 90 cando a Organización Mundial da Saúde, OMS, adoptou este termo para defender un enfoque máis integral ca aquel que estaba a transmitirse co “envellecemento saudable”.

Segundo a OMS o envellecemento activo defínese como o “proceso de optimización das oportunidades de saúde, participación e seguridade co fin de mellorar a calidade de vida a medida que as persoas envellecen” isto é, “se se quere facer do envellecemento activo unha experiencia positiva, unha vida máis longa debe ir acompañada de oportunidades continuas de saúde, participación e seguridade”.

Neste senso, nunha sociedade “envellecida” como a galega tanto o deseño de políticas de acción destinadas que se pretenden acadar o envellecemento activo das persoas como a promoción das circunstancias favorables para a súa aplicación efectiva convértese en prioritarias para “permitir que as persoas realicen o seu potencial de benestar físico, social e mental ao longo de todo o seu ciclo vital e participen na sociedade de acordo coas súas necesidades, desexos e capacidades, mentres que se lles proporciona protección, seguridade e coidados axeitados cando precisan atención”.

É por isto que, o Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013 ofrece, no seu núcleo segundo, un conxunto de medidas ordenadas destinadas a procurar o acceso ao benestar e á participación activa das persoas maiores, en termos de igualdade de oportunidades, na vida en sociedade, favorecendo a súa autonomía e impulsando o seu proceso de integración social ao minimizar os factores latentes nas situacións de discriminación, dependencia ou exclusión social.

Para a consecución deste obxectivo xeral, o Plan aposta por un modisto de envellecemento activo baseado nos principios do recoñecemento dos dereitos de independencia, participación, dignidade e realización dos propios desexos, incidindo na prevención da dependencia e impulsando as políticas dirixidas a

promover un envellecemento san e saudable. Con esta finalidade o Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 establece como obxectivos xerais do seu segundo núcleo de acción os seguintes:

- **Contribuír á autonomía das persoas maiores mediante un modisto de actuación baseado nos principios do envellecemento activo e saudable.**

- **Promover a participación activa das persoas maiores nos distintos ámbitos da sociedade, aportando os seus coñecementos e experiencias, en especial no ámbito socioeconómico e profesional.**

Para a consecución destes obxectivos xerais o núcleo de acción 2 ENVELLECIMENTO ACTIVO E PARTICIPACIÓN SOCIAL artículase en torno aos cinco seguintes obxectivos operativos:

- **OBXECTIVO OPERATIVO 1: Promover a autonomía das persoas maiores e favorecer un envellecemento san e saudable.**

- **OBXECTIVO OPERATIVO 2: Contribuír á participación proactiva das persoas maiores na sociedade civil, a través dos seus órganos representativos e en diferentes manifestacións sociais que lles permitan expresar as súas opinións nos procesos de toma de decisións.**

- **OBXECTIVO OPERATIVO 3: Potenciar a participación de e para as persoas maiores en programas de voluntariado incidindo nun principio de solidariedade interpersoal.**

- **OBXECTIVO OPERATIVO 4: Promover o acceso e participación das persoas maiores a actividades culturais, de ocio e tempo libre.**

- **OBXECTIVO OPERATIVO 5: Potenciar a participación e valorizar as contribucións das persoas maiores ao desenvolvemento socio económico e profesional das traballadoras e dos traballadores de Galicia.**

A consecución deste conxunto de obxectivos xerais e operativos sustentárase na adopción dun triplo enfoque estratéxico de actuación:

- ENFOQUE ACTIVO.
- ENFOQUE PREVENTIVO.
- ENFOQUE ACTUAL.

Este triplo enfoque de actuación conformará o eixo en torno ao cal se desenvolverán o conxunto de actuacións previstas no núcleo de acción e que se recollen a continuación en relación aos obxectivos operativos que perseguen.

## OBXECTIVO OPERATIVO 1

**Promover a autonomía das persoas maiores e favorecer un envellecemento san e saudable.**

### MEDIDA 1

**Consolidación dos programas de promoción da autonomía e dinamización social.**

#### ACTUACIÓNS:

**1.1. Difusión dos programas de promoción da autonomía e dinamización social a través da Rede de Centros Sociocomunitarios de Benestar, dos servizos comunitarios dos concellos, dos servizos sociais de atención primaria e especializada de saúde e das asociacións de persoas maiores.**

**1.2. Mantemento e, de ser o caso, ampliación do número de programas e de participantes nos mesmos.**

| INDICADORES                                                                                                                                                                          | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| - Número de actividades de difusión realizadas.<br>- Número de persoas participantes nos programas por edición anual.                                                                | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)<br>- Obras sociais de entidades financeiras ("Caja Madrid") |            |      |      |      |      |      |

### MEDIDA 2

**Desenvolvemento de programas de promoción da saúde, prevención, detección e tratamento de patoloxías asociadas ao envellecemento.**

#### ACTUACIÓNS:

**2.1. Desenvolvemento de programas de revisión e coidado dos pés e da saúde bucodental, especificamente destinados ás persoas maiores.**

**2.2. Mantemento e, de ser o caso, ampliación da liña de axudas individuais para a adquisición de próteses dentais e audífonos non previstos no sistema sanitario e outras axudas técnicas ou produtos de apoio.**

| INDICADORES                                                                                                              | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| - Número de persoas atendidas nos diferentes programas.<br>- Número de persoas beneficiarias anualmente polas axudas.    | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar) |            |      |      |      |      |      |

### MEDIDA 3

**Elaboración de instrumentos para a detección precoz e tratamento de procesos dexenerativos en xeral.**

#### ACTUACIÓNS:

**3.1. Desenvolvemento e difusión de ferramentas prácticas orientadas aos profesionais do ámbito sanitario para a detección e tratamento de patoloxías asociadas ao envellecemento.**

| INDICADORES                                               | CALENDARIO |      |      |  |  |  |
|-----------------------------------------------------------|------------|------|------|--|--|--|
| - Número de ferramentas prácticas elaboradas e difundidas |            | 2011 | 2012 |  |  |  |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b>                               |            |      |      |  |  |  |
| - Consellería de Sanidade e SERGAS                        |            |      |      |  |  |  |

### MEDIDA 4

**Desenvolvemento de programas para o mantemento das facultades físicas e psíquicas das persoas maiores así como doutros programas de promoción de hábitos de vida saudables e abandono de hábitos nocivos e perniciosos.**

#### ACTUACIÓNS:

- 4.1. Incorporación, mantemento e/ou ampliación, segundo o caso, dentro da programación dos Centros Sociocomunitarios de Benestar e centros de saúde, de obradoiros para o mantemento das facultades físicas e psíquicas das persoas maiores e a prevención de situacións de dependencia.**
- 4.2. Desenvolvemento de guías divulgativas en relación aos beneficios da práctica de exercicio saudable por parte de persoas maiores, dunha campaña de comunicación para a promoción da actividade física e dun proxecto piloto en 12 concellos de Galicia para a implantación do Plan Galicia Saudable.**
- 4.3. Posta en marcha de programas de abandono do alcohol e do tabaquismo.**
- 4.4. Difusión das actividades da Escola Galega de Saúde para Cidadáns especificamente dirixidas ás persoas maiores e aos seus coidadores e ás súas coidadoras.**

| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| - Número de persoas maiores participantes nas actividades programadas.<br>- Existencia dunha guía elaborada.<br>- Número e tipo de actuacións realizadas dentro do proxecto piloto.<br>- Número de actividades desenvolvidas pola Escola Galega de Saúde para Cidadáns especificamente dirixidas a persoas maiores e coidadoras. | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |

### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral para o Deporte (Presidencia da Xunta de Galicia)
- SERGAS, Escola Galega de Saúde para Cidadáns (Consellería de Sanidade)

### MEDIDA 5

**Promoción da participación das persoas maiores en actividades de alfabetización e educación permanente.**

#### ACTUACIÓNS:

5.1. Promoción da oferta formativa da Rede de Centros de Educación Permanente de Adultos de cara a fomentar a participación das persoas maiores nas actividades organizadas pola mesma.

#### INDICADORES

- Número de persoas maiores participantes nas actividades organizadas polos Centros de Educación Permanente de Adultos en cada ano académico.

#### CALENDARIO

| 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|------|------|------|------|------|------|
|------|------|------|------|------|------|

### ENTIDADES PROMOTORAS

- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### MEDIDA 6

**Promoción do acceso das persoas maiores ás novas tecnoloxías.**

#### ACTUACIÓNS:

6.1. Creación e mantemento, nos centros de titularidade pública autonómica ou local, dos que sexan usuarios ou usuarias as persoas maiores, de espazos abertos con acceso gratuito a Internet.

6.2. Desenvolvemento de actividades de alfabetización dixital a través de Ciberaulas e da Rede CeMIT.

6.3. Promoción da aplicación dos estándares e criterios de accesibilidade nas páxinas web da administración pública galega.

#### INDICADORES

- Número de espazos para o acceso gratuito a Internet creados e/ou mantidos.
- Número de actividades de alfabetización dixital desenvolvidas.
- Número de webs institucionais que cumpren os estándares de accesibilidade.

#### CALENDARIO

| 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|------|------|------|------|------|------|
|------|------|------|------|------|------|

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)
- Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Presidencia da Xunta de Galicia)
- Fundacións de entidades financeiras ("La Caixa")

#### MEDIDA 7

**Desenvolvemento de actuacións en materia de seguridade viaria e de prevención de accidentes no fogar dirixidas ás persoas maiores.**

#### ACTUACIÓNS:

**7.1. Desenvolvemento na Rede de Centros Sociocomunitarios de Benestar de actuacións en materia de seguridade viaria e de prevención de accidentes no fogar para dar a coñecer a importancia das principais medidas para a prevención dos accidentes.**

**7.2. Elaboración e difusión de guías informativas sobre a prevención de accidentes no fogar, dada a prevalencia que estes teñen no ámbito das persoas maiores.**

#### INDICADORES

- Número de actuacións realizadas.
- Número de guías informativas elaboradas e distribuídas.

#### CALENDARIO

| 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|------|------|------|------|------|------|
|      |      |      |      |      |      |

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
- Fundacións (Mapfre)

#### OBXECTIVO OPERATIVO 2

**Contribuír á participación proactiva das persoas maiores na sociedade civil, a través dos seus órganos representativos e en diferentes manifestacións sociais que lles permitan expresar as súas opinións nos procesos de toma de decisións.**

#### MEDIDA 1

**Mellora do coñecemento do movemento asociativo das persoas maiores en Galicia.**

#### ACTUACIÓNS:

**1.1. Actualización do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais na área de persoas maiores.**

| INDICADORES                                                                                                                                                      | CALENDARIO |  |      |      |  |  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|--|------|------|--|--|
|                                                                                                                                                                  |            |  | 2012 | 2013 |  |  |
| - Variación anual do número de entidades rexistradas.                                                                                                            |            |  |      |      |  |  |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Secretaría Xeral de Familia e Benestar, Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar) |            |  |      |      |  |  |

| MEDIDA 2                                                                                                                                                                                                                                                                                      |            |      |      |      |      |      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| Dinamización do movemento asociativo das persoas maiores e implicación na realización de actividades encamiñadas á promoción da autonomía persoal.                                                                                                                                            |            |      |      |      |      |      |
| ACTUACIÓNS:                                                                                                                                                                                                                                                                                   |            |      |      |      |      |      |
| 2.1. Mantemento e, de ser o caso, ampliación da liña de axudas destinadas ao mantemento, funcionamento e desenvolvemento de actividades por parte das asociacións de persoas maiores de Galicia.                                                                                              |            |      |      |      |      |      |
| 2.2. Promoción da sinatura de convenios de colaboración con federacións de asociacións de persoas maiores, coa finalidade de contribuír ao seu mantemento e favorecer a realización de actuacións de corte horizontal no eido do asesoramento, da formación e o apoio técnico ás asociacións. |            |      |      |      |      |      |
| 2.3. Promoción de acordos de colaboración entre o sector privado (obras socias...) e entidades de persoas maiores para a realización de actividades conxuntas.                                                                                                                                |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                                                                   | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                               | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| - Número de e importe das axudas concedidas anualmente.                                                                                                                                                                                                                                       |            |      |      |      |      |      |
| - Número de acordos asinados e promovidos de cada unha das tipoloxías previstas.                                                                                                                                                                                                              |            |      |      |      |      |      |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)                                                                                                                                                                      |            |      |      |      |      |      |

| MEDIDA 3                                                                                                                                         |  |  |  |  |  |  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|--|--|--|--|
| Promoción da participación das persoas maiores no funcionamento dos centros pertencentes á Rede Galega de Centros Sociocomunitarios de Benestar. |  |  |  |  |  |  |
| ACTUACIÓNS:                                                                                                                                      |  |  |  |  |  |  |
| 3.1. Modernización da xestión interna dos centros mediante a utilización das novas tecnoloxías.                                                  |  |  |  |  |  |  |
| 3.2. Promoción en cada centro sociocomunitario da participación das persoas maiores no deseño da programación anual de actividades.              |  |  |  |  |  |  |

**3.3. Creación en cada centro sociocomunitario dunha canle para facer chegar suxestións ou propostas.**

**3.4. Promoción da organización de actividades interxeracionais e de xornadas de portas abertas que acheguen estos recursos a sociedade en xeral.**

| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |  | CALENDARIO |      |      |      |      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|------------|------|------|------|------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de centros nos que se introduciron as novas tecnoloxías nos procesos de xestión.</li> <li>- Número de centros nos que existe unha canle para facer chegar suxestións e propostas.</li> <li>- Número de actividades interxeracionais e xornadas de portas abertas desenvolvidas en cada centro.</li> </ul> |  |            |      |      |      |      |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |  | 2011       | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal<br>(Consellería de Traballo e Benestar)                                                                                                                                                                                                                               |  |            |      |      |      |      |

#### MEDIDA 4

**Creación dunha comisión ou grupo de traballo de persoas maiores dentro do Consello Galego de Benestar como órgano consultivo de participación e colaboración das persoas maiores.**

##### ACTUACIÓNS:

**4.1 Impulsar a creación de comisións ou grupos de traballo de persoas maiores dentro do consello galego de Benestar Social.**

| INDICADORES                                                                                                                 |  | CALENDARIO |      |  |  |  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|------------|------|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Execución da actuación.</li> <li>- Nº de xuntanzas da comisión.</li> </ul>         |  |            |      |  |  |  |
|                                                                                                                             |  | 2011       | 2012 |  |  |  |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal<br>(Consellería de Traballo e Benestar) |  |            |      |  |  |  |

#### OBXECTIVO OPERATIVO 3

**Potenciar a participación de e para as persoas maiores en programas de voluntariado incidindo nun principio de solidariedade interpersoal.**

#### MEDIDA 1

**Promoción do voluntariado entre persoas maiores.**

##### ACTUACIÓNS:

**1.1. Programas e actividades de voluntariado que se estean a desenvolver por parte da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, nas que poidan participar persoas maiores.**

**1.2. Creación e mantemento dun “Banco de Voluntariado das Persoas Maiores” no que se rexistren ofertas e demandas de persoas voluntarias e se poidan establecer contactos entre persoas ofertantes e demandantes interesadas no intercambio de actividades de voluntariado.**

| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                                                                | CALENDARIO |  |      |      |      |      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|--|------|------|------|------|
|                                                                                                                                                                                                                                                                                            |            |  | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <ul style="list-style-type: none"><li>- Número de voluntarios maiores inscritos nos programas da direcccion xeral.</li><li>- Nº de accións voluntarias desenvolvidas polas persoas maiores.</li><li>- Número de ofertas e demandas rexistradas semestralmente a través do Banco.</li></ul> |            |  |      |      |      |      |
| ENTIDADES PROMOTORAS                                                                                                                                                                                                                                                                       |            |  |      |      |      |      |
| <ul style="list-style-type: none"><li>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)</li></ul>                                                                                                     |            |  |      |      |      |      |

| <b>MEDIDA 2</b><br><b>Mellora da formación das persoas voluntarias en materia de atención e acompañamento a persoas maiores.</b>                                                                                                                |            |      |      |      |      |      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| <b>ACTUACIÓNS:</b><br><b>2.1. Incorporación aos programas de formación do voluntariado desenvolto pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado de contidos especificamente relacionados coa atención e acompañamento a persoas maiores.</b> |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                     | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|                                                                                                                                                                                                                                                 | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de actividades de formación do voluntariado que desenvolven contidos relacionados coa atención e acompañamento a persoas maiores.</li> </ul>                                                    |            |      |      |      |      |      |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar)</li> </ul>                                                                                |            |      |      |      |      |      |

| <b>MEDIDA 3</b><br><b>Establecemento de relacións de cooperación con entidades especialmente caracterizadas polo seu dinamismo no ámbito do voluntariado.</b>                                     |  |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| <b>ACTUACIÓNS:</b><br><b>3.1. Desenvolvemento de accións conxuntas relacionadas co voluntariado con persoas maiores con entidades especialmente destacadas pola súa actividade nesta materia.</b> |  |

| INDICADORES                                                                                  |  | CALENDARIO |      |      |      |      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------|--|------------|------|------|------|------|
| - Número de actividades conxuntas realizadas.                                                |  | 2011       | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b>                                                                  |  |            |      |      |      |      |
| - Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal<br>(Consellería de Traballo e Benestar) |  |            |      |      |      |      |

|                                                                                                                                         |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>OBXECTIVO OPERATIVO 4</b><br>Promover o acceso e a participación das persoas maiores a actividades culturais, de ocio e tempo libre. |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

| MEDIDA 1                                                                                                                                                                                                                                                          |  |            |  |      |      |      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|------------|--|------|------|------|
| Promoción da participación das persoas maiores en actividades interxeracionais de carácter sociocultural e, en especial, en actividades de animación á lectura.                                                                                                   |  |            |  |      |      |      |
| ACTUACIÓNS:                                                                                                                                                                                                                                                       |  |            |  |      |      |      |
| 1.1. Promoción da participación das persoas maiores en actividades lúdicas de carácter extraescolar (por exemplo contacontos, xogos tradicionais...).                                                                                                             |  |            |  |      |      |      |
| 1.2. Planificación, difusión e implementación dun programa interxeracional de animación á lectura na Rede de Bibliotecas de Galicia.                                                                                                                              |  |            |  |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                                       |  | CALENDARIO |  |      |      |      |
| - Número de actividades de carácter extraescolar realizadas e número de persoas maiores participantes nas mesmas.<br>- Número de centros da Rede de Bibliotecas de Galicia nos que se realizou o programa e número de persoas participantes nas súas actividades. |  |            |  | 2012 | 2013 | 2014 |
|                                                                                                                                                                                                                                                                   |  |            |  | 2015 |      |      |
| ENTIDADES PROMOTORAS                                                                                                                                                                                                                                              |  |            |  |      |      |      |
| - Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal<br>(Consellería de Traballo e Benestar)                                                                                                                                                                      |  |            |  |      |      |      |
| - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria                                                                                                                                                                                                             |  |            |  |      |      |      |
| - Consellería de Cultura e Turismo                                                                                                                                                                                                                                |  |            |  |      |      |      |

|                                                                                                                                                                                                                                                         |  |  |  |  |  |  |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|--|--|--|--|
| <b>MEDIDA 2</b><br>Promoción do acceso das persoas maiores a actividades culturais, artísticas e artesanais.                                                                                                                                            |  |  |  |  |  |  |
| <b>ACTUACIÓNS:</b><br>2.1. Mantemento e ampliación, se é o caso, da programación de actividades de carácter artístico, cultural e artesanal desenvoltas pola Rede de Centros Sociocomunitarios de Benestar e as propias asociacións de persoas maiores. |  |  |  |  |  |  |

| INDICADORES                                                                                                                                                                                  | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
|                                                                                                                                                                                              | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)<br>- Obras sociais e Fundacións<br>- Asociacións de persoas maiores |            |      |      |      |      |      |

| MEDIDA 3                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |            |      |      |      |      |      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| Promoción da participación das persoas maiores en programas culturais que se estean a desenvolver por parte da Consellería de Cultura e Turismo.                                                                                                                                                         |            |      |      |      |      |      |
| ACTUACIÓNS:                                                                                                                                                                                                                                                                                              |            |      |      |      |      |      |
| 3.1. Realización de actividades de difusión dos programas de carácter cultural realizados ou participados pola Consellería de Cultura e Turismo para fomentar a participación das persoas maiores nos mesmos, entre eles:<br>- O Programa Letras Vivas,<br>- O Programa Cultural nas Bibliotecas Nodais. |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                                                                              | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Consellería de Cultura e Turismo                                                                                                                                                                                                                                        |            |      |      |      |      |      |

| MEDIDA 4                                                                                                                                   |            |      |      |      |      |      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| Promoción da participación das persoas maiores en actividades de ocio náutico, deportivas e marítimo pesqueiras.                           |            |      |      |      |      |      |
| DESCRICCIÓN XERAL                                                                                                                          |            |      |      |      |      |      |
| 4.1. Rebaixa das taxas de expedición da licenza de pesca deportiva e do título de patrón de embarcacións de lecer para as persoas maiores. |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|                                                                                                                                            | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Consellería do Mar                                                                                        |            |      |      |      |      |      |

## OBXECTIVO OPERATIVO 5

**Potenciar a participación e valorizar as contribucións das persoas maiores ao desenvolvemento socioeconómico e profesional das traballadoras e dos traballadores de Galicia.**

### MEDIDA 1

**Aproveitamento da experiencia das persoas maiores para a posta en marcha de iniciativas profesionais e de emprendemento.**

#### ACTUACIÓNS:

- 1.1. Creación e difusión dun rexistro de persoas maiores expertas interesadas na achega, de xeito voluntario e altruista, dos seus coñecementos e experiencia no desenvolvemento de actividades de emprendemento, consolidación e promoción empresarial.
- 1.2. Desenvolvemento dun programa de mentorazgo entre persoas maiores, xa xubiladas, e mozos e mozas que comezan a desenvolverse profesionalmente.

| INDICADORES                                                                                                                                                              |  | CALENDARIO |      |      |      |      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|------------|------|------|------|------|
| - Número de persoas maiores inscritas no rexistro.<br>- Número de persoas participantes participantes no programa como mentores e número de mozos e mozas asesorados/as. |  | 2011       | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| ENTIDADES PROMOTORAS                                                                                                                                                     |  |            |      |      |      |      |
| - Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal<br>(Consellería de Traballo e Benestar)                                                                             |  |            |      |      |      |      |
| - Instituto Galego de Promoción Económica- IGAPE<br>(Consellería de Economía e Industria)                                                                                |  |            |      |      |      |      |
| - Cámaras de Comercio/SECOT                                                                                                                                              |  |            |      |      |      |      |

### MEDIDA 2

**Promoción da participación das persoas maiores no ámbito universitario.**

#### ACTUACIÓNS:

- 2.1. Contribución ao mantemento dos programas universitarios para persoas maiores nos distintos campus universitarios e incorporación de novos programas como os da UNED así como difusión da súa existencia.

| INDICADORES                                                                                                                                                                                         |  | CALENDARIO |      |      |      |      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|------------|------|------|------|------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de persoas maiores participantes nos programas.</li> <li>- Cantidade de material elaborado e distribuído para a divulgación do programa.</li> </ul> |  | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 |
|                                                                                                                                                                                                     |  |            |      |      |      | 2015 |

### **ENTIDADES PROMOTORAS**

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
(Consellería de Traballo e Benestar)
- Universidades da Comunidade Autónoma
  - UNED

### **4.3. PRESTACIÓN DE SERVICIOS CON EFICACIA E CALIDADE**

O establecemento de prestacións económicas e desenvolvemento de recursos, programas e servizos conforma o pilar que de xeito tradicional sustentou principalmente a política de atención ás persoas maiores non só en Galicia, senón tamén a nivel estatal e noutros países a nivel europeo.

A creación e mantemento deste tipo de servizos e prestacións aglutinou en torno a si o máis importante caudal de recursos públicos do total dos recursos destinados a manter o conxunto de programas, servizos e prestacións orientados á atención ás persoas maiores.

Porén, a pesar desta gran cantidade de recursos dedicados, que supuxo e segue a supoñer un importante esforzo investidor, o abano de recursos e prestacións destinados á atención ás persoas maiores segue a presentar importantes carencias neste eido dos servizos e programas de atención social. Unhas carencias, que por outra banda, se teñen feito particularmente evidentes co recoñecemento legal de novos dereitos que a normativa para a promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia ten introducido recentemente.

Neste senso, o Plan Galego de Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 dedica o seu núcleo de acción 3 denominado PRESTACIÓN DE SERVICIOS CON EFICACIA E CALIDADE, o máis importante en termos de recursos orzamentarios, á ampliación do catálogo de programas, servizos, recursos e prestacións sociais destinados ás persoas maiores en Galicia, á súa mellora en termos de calidade e á xeración de novos servizos e recursos que incrementen a eficacia na atención e coidado a estas persoas mediante a promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.

Con esta finalidade o núcleo de acción 3 define como obxectivos xerais que se pretenden acadar a través do conxunto de medidas previstas no mesmo os seguintes:

- Ampliar o catálogo de programas, servizos, recursos e prestacións dispoñibles para a atención ás persoas maiores, ás súas diversas necesidades e demandas.

- Promover a mellora en termos de calidade no desenvolvemento de programas, servizos, recursos e prestacións destinadas á atención das persoas maiores.

- Promover a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación na xeración e posta en marcha de novos recursos e servizos orientados á mellora da atención ás persoas maiores.

A consecución destes tres obxectivos xerais, ao igual que nos restantes núcleos de acción, basearase no desenvolvemento dun amplo abano de medidas agrupadas en torno aos seguintes seis obxectivos operativos:

- **OBXECTIVO OPERATIVO 1:** Ampliar o catálogo de recursos e prestacións dispoñibles para mellorar a calidade de vida das persoas maiores que residen no seu fogar.

- **OBXECTIVO OPERATIVO 2:** Potenciar o desenvolvemento de recursos destinados á permanencia das persoas maiores no seu contorno habitual, particularmente daquelas persoas que presentan algún tipo de limitación no seu grado de autonomía persoal.

- **OBXECTIVO OPERATIVO 3:** Avanzar na creación de recursos de atención ás persoas maiores de tipo residencial destinados, prioritariamente, á atención a aquelas persoas que por razón do seu grao de dependencia non poidan seguir residindo no seu contorno habitual.

- **OBXECTIVO OPERATIVO 4:** Promover a mellora dos coñecementos e a formación das persoas que realizan tarefas de atención ás persoas maiores.

- **OBXECTIVO OPERATIVO 5: Asegurar que o desenvolvemento do catálogo de programas, servizos e recursos destinados ás persoas maiores se realice atendendo aos principios da calidade.**
- **OBXECTIVO OPERATIVO 6: Promover o desenvolvemento de novos recursos, programas e servizos destinados á atención ás persoas maiores mediante a posta en marcha de actuacións altamente intensivas en termos de I+D+i.**

Para a consecución destes obxectivos xerais e operativos as medidas previstas no terceiro núcleo de acción do Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 sustentaranse na adopción dos seguintes enfoques estratéxicos:

- **ENFOQUE ACTIVO.**
- **ENFOQUE ACTUAL.**

A continuación recóllense o conxunto de medidas previstas no núcleo de acción 3 **PRESTACIÓN DE SERVIZOS CON EFICACIA E CALIDADE** para a consecución dos obxectivos operativos e xerais que se perseguen no núcleo.

### OBXECTIVO OPERATIVO 1

**Ampliar o catálogo de recursos e prestacións dispoñibles para mellorar a calidade de vida das persoas maiores que residen no seu fogar.**

#### MEDIDA 1

**Mantemento e ampliación do servizo de Teleasistencia Domiciliaria.**

##### ACTUACIÓNS:

- 1.1. Ampliación das funcionalidades actuais do servizo (dispositivos móbiles, teleasistencia avanzada, servizos de teleasistencia para persoas que viven soas).
- 1.2. Incremento, de ser o caso, do número de persoas usuarias do programa.

| INDICADORES                                                                                                                        | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| - Número e tipo de novas funcionalidades do servizo implementadas.<br>- Variación anual do número de persoas usuarias do programa. | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |

##### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
(Consellería de Traballo e Benestar)

#### MEDIDA 2

**Ampliación do servizo de Teleasistencia Móbil Pasiva (localizadores).**

##### ACTUACIÓNS:

- 2.1. Mantemento e incremento do número de persoas usuarias do programa.
- 2.2. Ampliación, de ser o caso, das funcionalidades actuais do servizo.
- 2.3. Desenvolvemento dunha campaña de difusión do mesmo.

| INDICADORES                                                                                                                                                                           | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| - Variación anual do número de persoas usuarias do programa.<br>- Número e tipo de novas funcionalidades do servizo implementadas.<br>- Número de actividades de difusión realizadas. | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |

##### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
(Consellería de Traballo e Benestar)

| MEDIDA 3                                                                                                                            |  |  |            |      |      |      |      |      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|------------|------|------|------|------|------|
| Mantemento do servizo de Xantar na Casa.                                                                                            |  |  |            |      |      |      |      |      |
| ACTUACIÓNS:                                                                                                                         |  |  |            |      |      |      |      |      |
| 3.1. Mantemento e, de ser o caso, incremento do número de persoas usuarias do programa en concellos que xa contan con este servizo. |  |  |            |      |      |      |      |      |
| 3.2. Incorporación de novos concellos ao programa.                                                                                  |  |  |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                         |  |  | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
| - Variación anual do número de persoas usuarias e dos concellos adheridos ao programa.                                              |  |  | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| ENTIDADES PROMOTORAS                                                                                                                |  |  |            |      |      |      |      |      |
| - Axencia Galega de Servizos Sociais<br>(Consellería de Traballo e Benestar)                                                        |  |  |            |      |      |      |      |      |

| MEDIDA 4                                                                                                                                                                           |  |  |            |      |      |      |      |      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|------------|------|------|------|------|------|
| Extensión do servizo de Axuda no Fogar.                                                                                                                                            |  |  |            |      |      |      |      |      |
| ACTUACIÓNS:                                                                                                                                                                        |  |  |            |      |      |      |      |      |
| 4.1. Incremento do número de persoas usuarias do servizo e intensidade de prestación, de ser o caso.                                                                               |  |  |            |      |      |      |      |      |
| 4.2. Especialización para a atención ás necesidades específicas das persoas usuarias do programa (atención a distancia, adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia). |  |  |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                                                        |  |  | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
| - Variación anual do número de persoas usuarias do servizo e do número de horas de prestación do servizo.                                                                          |  |  | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| ENTIDADES PROMOTORAS                                                                                                                                                               |  |  |            |      |      |      |      |      |
| - Secretaría Xeral de Familia e Benestar, Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)                                                  |  |  |            |      |      |      |      |      |

| MEDIDA 5                                                                                                 |  |  |  |  |  |  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|--|--|--|--|
| Mantemento e difusión do Teléfono Social.                                                                |  |  |  |  |  |  |
| ACTUACIÓNS:                                                                                              |  |  |  |  |  |  |
| 5.1. Actualización permanente de información.                                                            |  |  |  |  |  |  |
| 5.2. Desenvolvemento dunha campaña de divulgación das súas funcionalidades e utilización.                |  |  |  |  |  |  |
| 5.3. Mantemento e reforzo dos recursos vencellados con este servizo para dar cobertura ás súas demandas. |  |  |  |  |  |  |

| INDICADORES                                                                                                                 | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
|                                                                                                                             | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal<br>(Consellería de Traballo e Benestar) |            |      |      |      |      |      |

| <b>MEDIDA 6</b><br><b>Apoio ás familias responsables do coidado de maiores en situación de dependencia que residen no seu fogar.</b>                                                                                                 |            |      |      |      |      |      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| <b>ACTUACIÓNS:</b><br>6.1. Mantemento, difusión e ampliación, de ser o caso, dos servizos de respiro familiar: programas de estadias temporais en centros residenciais.<br>6.2. Deseño e desenvolvemento doutros programas de apoio. |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                          | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|                                                                                                                                                                                                                                      | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal<br>(Consellería de Traballo e Benestar)                                                                                                          |            |      |      |      |      |      |

| <b>MEDIDA 7</b><br><b>Mellora das condicións de habitabilidade e promoción da adaptación do fogar para axeitalo a persoas en situacións de dependencia.</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |            |      |      |      |      |      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| <b>ACTUACIÓNS:</b><br>7.1. Mantemento e, no seu caso, ampliación da liña de axudas individuais destinadas á adaptación funcional do fogar e á supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda.<br>7.2. Incorporación como criterio de valoración na concesión de axudas do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para “a promoción do aforro, eficiencia enerxética e as enerxías renovables en edificios e vivendas” que os edificios e vivendas sexan de uso habitual de titularidade ou propiedade de persoas maiores. |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| - Número de persoas maiores beneficiarias e importe das axudas individuais concedidas en cada convocatoria anual.<br>- Número de persoas maiores beneficiarias das axudas do INEGA.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |            |      |      |      |      |      |

### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
(Consellería de Traballo e Benestar)
- INEGA (Consellería de Economía e Industria)

### MEDIDA 8

#### Promoción da accesibilidade nos espazos e da mobilidade das persoas maiores.

#### ACTUACIÓNS:

8.1. Desenvolvemento de accións que garantan a accesibilidade a espazos, edificios e vivendas mediante o mantemento de programas de rehabilitación de edificios e vivendas, superación de situacións de infravivenda e urbanización e reurbanización de espazos públicos desenvolto polo IGVS.

8.2. Mantemento da liña de axudas para o financiamento de investimentos que comprendan a accesibilidade e supresión de barreiras dentro da orde de subvencións ás corporacións locais destinadas ao cofinanciamento para a prestación de servizos sociais.

8.3. Desenvolvemento de accións que garantan a mobilidade das persoas maiores, que se atopen en situación de dependencia a través do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal.

8.4. Aseguramento do acceso ao transporte público ás persoas maiores con autonomía a través do mantemento das liñas de axudas a empresas de transporte público de viaxeiros para a adquisición de vehículos accesibles, do mantemento das axudas destinadas á persoas titulares de autorizacións de transporte público por estrada para a adaptación de vehículos a persoas con mobilidade reducida e a realización de actuacións de adaptación en estacións de autobuses e áreas de estacionamento.

| INDICADORES                                                                                                    | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| - Número de accións de promoción da accesibilidade e mobilidade realizadas das distintas tipoloxías previstas. | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |

### ENTIDADES PROMOTORAS

- Secretaría Xeral de Familia e Benestar, Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)
- Instituto Galego da Vivenda e Solo- IGVS e Dirección Xeral de Mobilidade (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)
- Corporacións locais Municipais

### MEDIDA 9

**Creación de novos servizos de atención no fogar e divulgación dos recursos existentes para a promoción da permanencia das persoas maiores no mesmo.**

#### ACTUACIÓNS:

- 9.1. Desenvolvemento de proxectos piloto para a implantación de novos servizos.  
9.2. Desenvolvemento da carteira de servizos para a promoción da permanencia das persoas maiores no seu fogar ou contorno habitual.

| INDICADORES                                                                                      | CALENDARIO |      |      |      |      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|
|                                                                                                  | 2011       | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| - Número de proxectos piloto implementados.<br>- Existencia dunha carteira de servizos definida. |            |      |      |      |      |

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
(Consellería de Traballo e Benestar)

### OBXECTIVO OPERATIVO 2

**Potenciar o desenvolvemento de recursos destinados á permanencia das persoas maiores no seu contorno habitual, particularmente daquelas persoas que presentan algún tipo de limitación no seu grao de autonomía persoal.**

### MEDIDA 1

**Coñecemento do grao de demanda e planificación de novos servizos e recursos destinados a garantir a permanencia das persoas maiores no seu contorno habitual.**

#### ACTUACIÓNS:

- 1.1. Desenvolvemento dun estudo para a detección das áreas territoriais que presenten maiores necesidades de recursos sociais destinados á permanencia das persoas maiores no seu contorno habitual, facendo especial fincapé nos servizos de estancias nocturnas en centros residenciais para a atención a persoas en situación de dependencia destinadas ás persoas que non fagan uso doutro tipo de servizo de estancia diúrna.

| INDICADORES                                                                                                  | CALENDARIO |      |  |  |  |  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|--|--|--|--|
|                                                                                                              | 2010       | 2011 |  |  |  |  |
| - Número de accións de recollida e análise de datos realizadas.<br>- Existencia dun informe final do estudo. |            |      |  |  |  |  |

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Secretaría Xeral de Familia e Benestar, Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)

### MEDIDA 2

**Mantemento e ampliación, de ser o caso, dos servizos de atención diúrna para as persoas maiores.**

#### ACTUACIÓNS:

2.1. Incremento, de ser o caso, da oferta de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos para a atención ás persoas maiores en centros de día.

2.2. Valoración da creación de servizos de atención diúrna en centros residenciais.

| INDICADORES                                                                                                                                                                                                 | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| - Variación anual do número de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos para a atención ás persoas maiores en centros de día.                                                                     | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal<br>(Consellería de Traballo e Benestar)<br>- Axencia Galega de Servizos Sociais<br>(Consellería de Traballo e Benestar) |            |      |      |      |      |      |

### MEDIDA 3

**Potenciación dos servizos en centros de atención diúrna para persoas con Alzheimer ou outras demencias neurodexenerativas.**

#### ACTUACIÓNS:

3.1. Mantemento e, de ser o caso, incremento, da oferta de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos destinadas á atención diúrna das persoas con Alzheimer ou outras demencias neurodexenerativas.

3.2. Desenvolvemento da carteira de servizos especificamente orientados a estas persoas.

| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                                | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| - Variación anual do número de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos.<br>- Existencia dunha carteira de servizos definida.                                                                                                                    | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal<br>(Consellería de Traballo e Benestar)<br>- Entidades implicadas na atención ao colectivo de persoas afectadas polo Alzheimer ou outras demencias neurodexenerativas. |            |      |      |      |      |      |

#### MEDIDA 4

**Ampliación dos servizos de estancia e atención ás persoas maiores en aloxamentos alternativos ao domicilio.**

##### ACTUACIÓNS:

**4.1. Incremento, de ser o caso, da oferta de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos de atención a persoas maiores dispoñibles en Fogares Residenciais.**

| INDICADORES                                                                                                                                  | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| - Variación anual do número de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos para a atención a persoas maiores en Fogares Residenciais. | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |

##### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)
- Axencia Galega de Servizos Sociais (Consellería de Traballo e Benestar)

#### OBXECTIVO OPERATIVO 3

**Avanzar na creación de recursos de atención ás persoas maiores de tipo residencial destinados, prioritariamente, á atención a aquelas persoas que por razón do seu grao de dependencia non poidan seguir residindo no seu contorno habitual.**

#### MEDIDA 1

**Coñecemento da demanda de recursos de atención ás persoas maiores en centros residenciais.**

##### ACTUACIÓNS:

**1.1. Desenvolvemento dun estudo para a detección das áreas territoriais que presentan maiores necesidades de recursos para persoas maiores en centros residenciais.**

| INDICADORES                                                     | CALENDARIO |      |  |  |  |  |
|-----------------------------------------------------------------|------------|------|--|--|--|--|
| - Número de accións de recollida e análise de datos realizadas. | 2010       | 2011 |  |  |  |  |
| - Existencia dun informe final do estudo realizado.             |            |      |  |  |  |  |

##### ENTIDADES PROMOTORAS

- Secretaría Xeral de Familia e Benestar, Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)

## MEDIDA 2

**Definición da carteira de servizos de atención ás persoas maiores en centros residenciais.**

### ACTUACIÓNS:

**2.1. Desenvolvemento da carteira de servizos para a atención residencial a persoas maiores.**

| INDICADORES                                       | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|---------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| - Existencia dunha carteira de servizos definida. |            | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |

### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
(Consellería de Traballo e Benestar)

## MEDIDA 3

**Ampliación dos servizos de atención ás persoas maiores en centros residenciais.**

### ACTUACIÓNS:

**3.1. Incremento, de ser o caso, da oferta de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos destinadas á atención permanente a persoas maiores en centros residenciais.**

| INDICADORES                                                                                                                                         | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| - Variación anual do número de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos de atención permanente a persoas maiores en centros residenciais. | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |

### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
(Consellería de Traballo e Benestar)  
- Axencia Galega de Servizos Sociais (Consellería de Traballo e Benestar)

## MEDIDA 4

**Mellora da atención das persoas maiores no ámbito da saúde mental.**

### ACTUACIÓNS:

**4.1. Promoción da creación de unidades ou módulos en residencias destinados á atención de persoas maiores dependentes que teñan por obxecto ofrecer unha atención máis específica ás persoas maiores que padezan alteración ou trastornos de conduta.**

| INDICADORES                                                                                                                                                                                    | CALENDARIO |  |  |      |      |      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|--|--|------|------|------|
|                                                                                                                                                                                                |            |  |  | 2013 | 2014 | 2015 |
| - Variación anual do número de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos destinadas á asistencia específica das persoas maiores dependentes con alteracións ou trastornos de conduta. |            |  |  |      |      |      |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal<br>(Consellería de Traballo e Benestar)                                                                    |            |  |  |      |      |      |

**OBXECTIVO OPERATIVO 4**

Promover a mellora dos coñecementos e a formación das persoas que realizan tarefas de atención ás persoas maiores.

| MEDIDA 1                                                                                                                                                                                                    |            |      |      |      |      |      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| Desenvolvemento de accións formativas destinadas ás persoas responsables do coidado de maiores que residen no seu fogar.                                                                                    |            |      |      |      |      |      |
| <b>ACTUACIÓNS:</b>                                                                                                                                                                                          |            |      |      |      |      |      |
| 1.1. Programación e implementación de programas de actividades formativas destinadas a coidadores e coidadoras para mellorar os seus coñecementos e habilidades nas tarefas de atención ás persoas maiores. |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                                                                                 | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|                                                                                                                                                                                                             | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| - Número de actividades formativas desenvoltas anualmente.<br>- Número de persoas coidadoras participantes nas actividades formativas programadas.                                                          |            |      |      |      |      |      |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal<br>(Consellería de Traballo e Benestar)<br>- Escola Galega de Saúde para Cidadáns (Consellería de Sanidade)             |            |      |      |      |      |      |

| MEDIDA 2                                                                                                                                                                            |  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| Desenvolvemento de actuacións de formación permanente destinadas ás e aos profesionais e técnicos da atención ás persoas maiores para a mellora da calidade dos servizos prestados. |  |
| <b>ACTUACIÓNS:</b>                                                                                                                                                                  |  |
| 2.1. Desenvolvemento de programas formativos anuais dirixidos a profesionais da atención ás persoas maiores.                                                                        |  |
| 2.2. Difusión dos programas formativos existentes entre técnicos/as e profesionais.                                                                                                 |  |

| INDICADORES                                                                                                                                                                                  | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
|                                                                                                                                                                                              | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)<br>- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza |            |      |      |      |      |      |

| MEDIDA 3                                                                                                                                                |            |      |      |      |      |      |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| Colaboración no desenvolvemento de programas universitarios de grao e posgrao para a formación de profesionais no ámbito da atención a persoas maiores. |            |      |      |      |      |      |
| ACTUACIÓNS:                                                                                                                                             |            |      |      |      |      |      |
| 3.1. Mantemento de convenios de colaboración coas universidades galegas para o desenvolvemento de programas ou prácticas de grao e posgrao.             |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                             | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|                                                                                                                                                         | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Consellería de Traballo e Benestar<br>- Universidades da Comunidade Autónoma                                           |            |      |      |      |      |      |

| OBXECTIVO OPERATIVO 5                                                                                                                                       |  |  |  |  |  |  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|--|--|--|--|
| Asegurar que o desenvolvemento do catálogo de programas, servizos e recursos destinados ás persoas maiores se realice atendendo aos principios da calidade. |  |  |  |  |  |  |

| MEDIDA 1                                                                                                                                                                                                          |            |      |      |      |      |      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| Aseguramento do cumprimento da normativa de regulamento de servizos de atención ás persoas maiores.                                                                                                               |            |      |      |      |      |      |
| ACTUACIÓNS:                                                                                                                                                                                                       |            |      |      |      |      |      |
| 1.1. Desenvolvemento de plans anuais de inspección e control para a garantía do cumprimento da normativa reguladora de centros e servizos adicados á atención das persoas maiores e protección dos seus dereitos. |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                                                                                       | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|                                                                                                                                                                                                                   | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| - Número de actividades realizadas de inspección e control anualmente.                                                                                                                                            |            |      |      |      |      |      |

### ENTIDADES PROMOTORAS

- Secretaría Xeral de Familia e Benestar  
(Consellería de Traballo e Benestar)

### MEDIDA 2

**Aseguramento do cumprimento do procedemento definido para o cobro das prestacións económicas recoñecidas na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a Persoas en Situación de Dependencia e a súa normativa de desenvolvemento.**

#### ACTUACIÓNS:

2.1. Desenvolvemento dun programa de seguimento e mellora continua para garantir a aplicación das medidas recollidas no Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

| INDICADORES                                                  | CALENDARIO |      |  |  |  |
|--------------------------------------------------------------|------------|------|--|--|--|
| - Número de accións de seguimento e comprobación efectuadas. | 2010       | 2011 |  |  |  |

### ENTIDADES PROMOTORAS

- Secretaría Xeral de Familia e Benestar, Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)

### MEDIDA 3

**Promoción da incorporación dos principios de xestión da calidade aos programas, servizos e recursos destinados á atención ás persoas maiores de titularidade pública e privada.**

#### ACTUACIÓNS:

3.1. Desenvolvemento de accións formativas sobre xestión da calidade para as persoas responsables de xestión dos programas, servizos e recursos de atención ás persoas maiores de titularidade pública.

3.2. Elaboración da normativa que regule os criterios de acreditación dos recursos residenciais destinados ás persoas maiores.

3.3. Valoración da acreditación de sistemas de xestión da calidade como criterio de selección nos procedementos de contratación de recursos e servizos destinados á atención a persoas maiores.

| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                          | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
|                                                                                                                                                                                                                                      | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Secretaría Xeral de Familia e Benestar, Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)<br>- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza |            |      |      |      |      |      |

| MEDIDA 4                                                                                                                                                                                                                                 |            |  |      |      |      |      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|--|------|------|------|------|
| <b>Comprobación do cumprimento dos estándares de calidade definidos para os programas, servizos e recursos de atención ás persoas maiores de titularidade pública ou privada, con financiación pública.</b>                              |            |  |      |      |      |      |
| ACTUACIÓNS:                                                                                                                                                                                                                              |            |  |      |      |      |      |
| <b>4.1. Desenvolvemento de plans de avaliación e control da calidade en programas, servizos e recursos de atención ás persoas maiores de titularidade autonómica, conforme á normativa de acreditación que no seu momento se regule.</b> |            |  |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                              | CALENDARIO |  |      |      |      |      |
|                                                                                                                                                                                                                                          |            |  | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| - Número de actividades de inspección e control da calidade realizadas no marco dos plans.                                                                                                                                               |            |  |      |      |      |      |
| ENTIDADES PROMOTORAS                                                                                                                                                                                                                     |            |  |      |      |      |      |
| - Secretaría Xeral de Familia e Benestar, Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)                                                                                                        |            |  |      |      |      |      |

| OBXECTIVO OPERATIVO 6                                                                                                                                                                                |  |  |  |  |  |  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|--|--|--|--|
| <b>Promover o desenvolvemento de novos recursos, programas e servizos destinados á atención ás persoas maiores mediante a posta en marcha de actuacións altamente intensivas en termos de I+D+i.</b> |  |  |  |  |  |  |

| MEDIDA 1                                                                                                                                                                                                                                                                          |  |  |  |  |  |  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|--|--|--|--|
| <b>Fomento da investigación para o desenvolvemento de novos recursos e servizos destinados a mellorar o benestar e a calidade de vida das persoas maiores.</b>                                                                                                                    |  |  |  |  |  |  |
| ACTUACIÓNS:                                                                                                                                                                                                                                                                       |  |  |  |  |  |  |
| <b>1.1. Colaboración da Administración autonómica en proxectos de investigación de carácter autonómico, estatal e europeo que teñan como finalidade o desenvolvemento de novos recursos e servizos destinados a mellorar o benestar e a calidade de vida das persoas maiores.</b> |  |  |  |  |  |  |

| INDICADORES                                                                                                                                                                        | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
|                                                                                                                                                                                    | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Consellería de Traballo e Benestar.<br>- Dirección Xeral de I+D+i (Consellería de Economía e Industria)<br>- Universidades da Comunidade Autónoma |            |      |      |      |      |      |

| MEDIDA 2                                                                                                                                     |            |      |      |      |      |      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| Promoción da divulgación de experiencias en materia de I+D+i destinadas á mellora dos recursos e servizos de atención ás persoas maiores.    |            |      |      |      |      |      |
| <b>ACTUACIÓNS:</b><br>2.1. Difusión de proxectos ou experiencias novidosas en materia de I+D+i relacionadas coa atención ás persoas maiores. |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                  | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|                                                                                                                                              |            | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)                     |            |      |      |      |      |      |

#### 4.4. COOPERACIÓN TRANSVERSAL

O éxito do Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 medido en termos do logro dos seus obxectivos e da aplicación das súas medidas depende, en gran parte, da existencia de estratexias de cooperación especialmente deseñadas para o establecemento dunha rede coordinada entre a Administración autonómica, as Administracións locais e o conxunto da sociedade civil así como da difusión das medidas nel recollidas a nivel estatal e internacional.

Neste senso, a Cooperación Transversal débuxase como unha área fundamental do Plan ao promover a necesidade de incorporar estratexias e mecanismos de cooperación que integren a todas as áreas departamentais da Administración autonómica así como aquelas de titularidade municipal que non so gocen de competencias no ámbito da atención ás persoas maiores, en senso estrito, senón tamén nas áreas competenciais orientadas a atender necesidades en materia de vivenda, saúde, educación, urbanismo... De aí que á denominación do núcleo se incorpore o adxectivo “transversal”. Nunha sociedade como a nosa, onde as persoas maiores representan un importante sector da poboación, só desde un enfoque transversal seremos quen de actuar ante as diversas situacións en que poden atoparse as persoas maiores e responder ás súas demandas e necesidades con garantías de éxito.

Desde este convencemento o núcleo cuarto do Plan, configúrase como un núcleo novidoso ao propor mecanismos e estratexias para o mantemento e mellora da colaboración, corresponsabilidade e coordinación interdepartamental a nivel da Xunta de Galicia e a nivel das Administracións Locais e, tamén, mediante a transferencia e difusión do ámbito de actuación do Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 en contextos internacionais. Por outro lado, mediante o deseño de actuacións específicas de difusión preténdese, non so dar a coñecer o Plan aos distintos sectores da poboación garantindo un maior impacto dos seus resultados, senón tamén promover entre o tecido social, o movemento asociativo, as entidades que traballan no ámbito dos maiores e a sociedade en xeral, a necesidade de participar e adoptar un papel activo e decisivo na

implementación do Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015.

En liña co sinalado anteriormente, o Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 establece como finalidade para este cuarto núcleo de acción, a consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Promover a cooperación entre os distintos departamentos da Administración autonómica e as corporacións locais para dar efectivo cumprimento aos obxectivos do Plan e aplicación das súas medidas.

- Establecer canles de cooperación que favorezan a difusión das medidas do Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 a contextos internacionais.

- Contribuír á difusión e publicidade das actuacións do Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 de xeito que se garanta o impacto destas e se promova a necesidade de participación e implicación da sociedade civil na implementación do Plan.

Con esta perspectiva estratéxica global, este núcleo de acción vai comprender a planificación dun conxunto de medidas en torno aos seguintes obxectivos operativos:

- **OBXECTIVO OPERATIVO 1:** Establecer instrumentos e/ou estratexias de mellora da cooperación interdepartamental para o logro dos obxectivos que existen unha actuación conxunta.

- **OBXECTIVO OPERATIVO 2:** Favorecer o desenvolvemento de sinerxías cara ao ámbito local para unha mellor ordenación/xestión de recursos e un maior impacto das políticas autonómicas.

- **OBXECTIVO OPERATIVO 3:** Promover instrumentos e/ou estratexias de cooperación supraautonómicas para a achega das medidas previstas no Plan

**Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 aos galegos residentes no exterior.**

**- OBXECTIVO OPERATIVO 4: Fomentar mecanismos ou instrumentos para a difusión integral do Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015.**

O desenvolvemento das medidas prevista dentro deste núcleo de acción basearase na priorización dos seguintes enfoques fundamentais dos sinalados con anterioridade no apartado 2.2 PERTINENCIA do presente documento técnico:

- ENFOQUE TRANSVERSAL.**
- ENFOQUE INTEGRAL.**

As medidas que comprende o núcleo de acción 4 COOPERACIÓN TRANSVERSAL, para o cumprimento de cada un dos seus obxectivos operativos, son as que se presentan a continuación.

### OBXECTIVO OPERATIVO 1

**Establecer instrumentos e/ou estratexias de mellora da cooperación interdepartamental para o logro dos obxectivos que esixen unha actuación conxunta.**

### MEDIDA 1

**Definición e utilización de indicadores conxuntos de medida e control dos procesos de atención a persoas maiores.**

#### ACTUACIÓNS:

1.1. Creación de novos indicadores.

1.2. Fomento da participación na utilización destes novos indicadores conxuntos de todos os organismos públicos e privados e dos principais axentes implicados na atención ás persoas maiores.

| INDICADORES                                                                                                | CALENDARIO |  |      |      |      |      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|--|------|------|------|------|
|                                                                                                            |            |  | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| - Número de indicadores creados.<br>- Número de ocasiones nas que se empregaron os indicadores elaborados. |            |  |      |      |      |      |

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
(Consellería de Traballo e Benestar)

### MEDIDA 2

**Constitución e mantemento dunha Comisión Interdepartamental de Atención ás Persoas Maiores.**

#### ACTUACIÓNS:

2.1. Incorporación da perspectiva do envellecemento a medidas de tipo sectorial realizadas polas distintas Consellerías da Xunta de Galicia.

2.2. Difusión a outros departamentos das medidas sectoriais dun departamento concreto que xa, previamente, estivesen orientadas a persoas maiores.

| INDICADORES                                                                                                                                                                                                             | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| <div>- Comisión Interdepartamental creada (acta de constitución) e número de consellerías representadas na Comisión.</div> <div>- Número de xuntanzas e documentos intercambiados no seo da Comisión, anualmente.</div> |            | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |

#### ENTIDADES PROMOTORAS

- Consellería de Traballo e Benestar

## OBXECTIVO OPERATIVO 2

Favorecer o desenvolvemento de sinerxías cara ao ámbito local para unha mellor ordenación/xestión de recursos e un maior impacto das políticas autonómicas.

### MEDIDA 1

Promoción da colaboración conxunta para a implantación de programas de atención ás persoas maiores.

#### ACTUACIÓNS:

- 1.1. Establecemento de convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e as Entidades Locais Municipais para o estudo e implantación de programas de atención ás persoas maiores que viven soas (estudo estatístico, valoración de necesidades e implantación de programas).

| INDICADORES                                                                                                                                 |  | CALENDARIO |      |      |      |      |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|------------|------|------|------|------|
| - Numero de convenios asinados.<br>- Número de programas implementados en virtude dos convenios asinados.<br>- N° de usuarios participantes |  | 2011       | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| ENTIDADES PROMOTORAS                                                                                                                        |  |            |      |      |      |      |
| - Consellería de Traballo e Benestar<br>- Entidades Locais Municipais                                                                       |  |            |      |      |      |      |

## OBXECTIVO OPERATIVO 3

Promover instrumentos e/ou estratexias de cooperación supraautonómicas para a achega das medidas previstas no Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 aos galegos residentes no exterior.

### MEDIDA 1

Creación e mantemento dun órgano de coordinación interdepartamental de atención a persoas maiores galegas residentes no exterior.

#### ACTUACIÓNS:

- 1.1. Constitución dunha comisión (Benestar/ Emigración) destinada á promoción e articulación de medidas específicas para os e galegos e as galegas na emigración, de 65 e máis anos de idade orientada a:
- facilitar o acceso dos galegos e galegas na emigración ás actuacións previstas no Plan Galego de Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015,
  - promover medidas específicas para as persoas maiores na emigración.

| INDICADORES                                                                                                                               | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
|                                                                                                                                           |            | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Consellería de Traballo e Benestar<br>- Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia da Xunta de Galicia) |            |      |      |      |      |      |

| MEDIDA 2                                                                                                                                                                                                                                    |            |      |      |      |      |      |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| Promoción da participación e visibilidade das persoas maiores na emigración a través da actividade de entidades sen ánimo de lucro.                                                                                                         |            |      |      |      |      |      |
| ACTUACIÓNS:                                                                                                                                                                                                                                 |            |      |      |      |      |      |
| 2.1. Desenvolvemento de convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro para a posta en marcha no exterior de actuacións previstas no Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013, Horizonte 2015 ou que persigan fins análogos. |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                 | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|                                                                                                                                                                                                                                             | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| <b>ENTIDADES PROMOTORAS</b><br>- Consellería de Traballo e Benestar<br>- Presidencia da Xunta de Galicia                                                                                                                                    |            |      |      |      |      |      |

| MEDIDA 3                                                                                                                                                                                                                    |            |      |      |      |      |      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------|------|------|------|------|
| Promoción dos recursos de atención ás persoas maiores residentes no exterior.                                                                                                                                               |            |      |      |      |      |      |
| ACTUACIÓNS:                                                                                                                                                                                                                 |            |      |      |      |      |      |
| 3.1. Potenciación da rede de centros de día e residencias para a terceira idade xestionadas polas comunidades galegas no exterior.                                                                                          |            |      |      |      |      |      |
| 3.2. Desenvolvemento dun plan de formación para o persoal dos centros de día e residencias para a terceira idade xestionadas polas comunidades galegas no exterior.                                                         |            |      |      |      |      |      |
| 3.3. Promoción do intercambio de información, experiencias e traballo entre as unidades asistenciais a persoas maiores no eido da emigración.                                                                               |            |      |      |      |      |      |
| INDICADORES                                                                                                                                                                                                                 | CALENDARIO |      |      |      |      |      |
|                                                                                                                                                                                                                             | 2010       | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
| - Variación anual do número de prazas en centros de día e residenciais.<br>- Número de actividades formativas desenvolvidas e número de persoas participantes nas mesmas.<br>- Número de accións de intercambio realizadas. |            |      |      |      |      |      |

#### ENTIDADES PROMOTORAS

